

BLOQUES 9-12: SÉCULO XX (2º DE BACHARELATO. CURSO 2018-2019)

13- A CRISE DA RESTAURACIÓN.

14. A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA (GOLPE DE ESTADO E ETAPAS: DELIMITACIÓN TEMPORAL E PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS).

15 O ESTABLECEMENTO DA II REPÚBLICA (FORZAS POLÍTICAS E CONSTITUCIÓN DE 1931).

16. AS GRANDES REFORMAS DA REPÚBLICA.

17. A GUERRA CIVIL: SUBLEVACIÓN, BANDOS EN CONFLICTO E A SÚA DIMENSIÓN INTERNACIONAL.

18. O FRANQUISMO: CARACTERÍSTICAS E INSTITUCIONALIZACIÓN.

19. O FRANQUISMO: AS FORMAS DE OPOSICIÓN AO RÉXIME.

20. O FRANQUISMO: POLÍTICA ECONÓMICA.

21. A TRANSICIÓN E A CONSOLIDACIÓN DA DEMOCRACIA.

22. A SITUACIÓN DA MULLER NO SÉCULO XX.

23. ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO.

24. A EVOLUCIÓN E CAMBIOS NA ESPAÑA ACTUAL.

13- A CRISE DA RESTAURACIÓN.

O desmantelamiento do sistema canovista

O sistema da Restauración desenvolveuse ao longo dos reinados de Afonso XII e Afonso XIII (coa rexencia de María Cristina de Habsburgo incluída).

Obra principalmente do conservador Cánovas del Castillo, tratábase dun sistema formalmente liberal e constitucional, pero nada democrático, xa que estaba deseñado para defender os intereses da oligarquía e das principais institucións conservadoras do país.


As principais bases do sistema eran o papel da Coroa, a Constitución de 1876, o bipartidismo amañado ou turnismo, a fraude electoral e a rede caciquil. Logrouse unha longa estabilidade política e constitucional en España durante case medio século, ademais de alonxar aos militares da vida política entre 1875 e 1923.

Sen embargo, unha serie de factores políticos (sobre todo o esgotamento do sistema turnista e o fracaso dos vellos partidos dinásticos para afrontar os problemas do país), económicos, sociais... ademais de problemas concretos como a guerra de Marrocos, levarían a unha progresiva crise do sistema, que acabaría por ser suprimido polos militares cun golpe de Estado (co apoio da Coroa) en 1923.

Xa a crise de 1898 (perda das colonias), plantexou as primeiras gretas no sistema: acusacións contra a clase política dirixente pola derrota militar, fortalecemento da oposición política (republicanos e socialistas) que reclamaban reformas democráticas, progresivo autoritarismo antiliberal dos militares (que culpaban aos políticos das derrotas militares) e esixencias dos nacionalistas dun Estado descentralizado. Sen embargo, sería con Afonso XIII no trono (1902-1931), cando se plantexaría de forma dramática a crise do sistema, ata rematar este co golpe militar de Miguel Primo de Rivera en 1923 co apoio do rei.

- **Desastre do 98.**

En 1895 prodúcese a insurrección nacionalista en Cuba que da lugar á última guerra cubana, impulsado polo Partido Revolucionario Cubano de José Martí. Pese ao envío de tropas, o exército español presenta moitas carencias: equipamento atrasado e soldados mal preparados e recrutados entre as capas máis pobres da sociedade. Ademais, as enfermidades tropicais causaban numerosas baixas.




A guerra agravouse polo apoio que os insurrectos recibían dos EEUU, en plena expansión imperialista e interesados en desprazar a España da zona do Caribe e do Pacífico.

En 1898 explota o cruceiro militar norteamericano *Maine* na Habana. O goberno americano envía un ultimatum ao goberno español para que renuncie ao seu dominio en Cuba. O goberno español, impulsado pola exaltación patriótica da opinión pública e dos

políticos, declara a guerra a USA. Só as organizacións obreiras e algúns intelectuais e políticos se opoñen á medida.

A guerra foi moi rápida debido á gran diferenza entre os dous exércitos (USA catro veces superior e máis moderno). En pouco tempo, a mariña española é destruída e o exército norteamericano desembarca en Cuba, Porto Rico e Filipinas. España solicita o armisticio. As posteriores negociacións de paz rematan coa sinatura do Tratado de París; España cede Cuba, Porto Rico, Filipinas e a Illa de Guam a USA. A cambio, recibe 20 millóns de dólares. A Delegación española non pode negociar, e ten que ceder ás pretensións impostas. O resto das posesións españolas no Pacífico son vendidas a Alemaña en 1899. Desaparece deste xeito o imperio colonial xurdido no século XV.



Esta derrota e a paz vergoñenta coñécese como o **desastre do 98**, e causa en España un forte impacto entre a sociedade, intelectuais, políticos. Non provocou una creba do sistema político pero puxo de manifesto a incapacidade da oligarquía para modernizar o país. Os militares sentiron unha profunda frustración e resentimento, responsabilizan aos políticos do fracaso e pecháronse nunha actitude corporativa defensiva dos seus intereses. Os intelectuais desenvolven unha reflexión crítica sobre o país, marcada pola idea de decadencia e o pesimismo. Só respirarán as clases populares, que non enviarán a os seus fillos a morrer fora de España.

La Generación del 98



Unamuno

Baroja

Valle-Inclán

Azorín



O **Rexeneracionismo** foi unha corrente intelectual, política e literaria (Unamuno, Machado, Baroja, etc) que caracteriza a vida pública española a finais do XIX. Se caracteriza tanto polo análise dos males do país e a súa crítica ao sistema da Restauración, como polo seu propósito de atoparlle remedio e de renovar e modernizar a política e economía de España. Os problemas veñen por ter un Estado ineficaz e unha clase política corrupta e oligárquica. Para millorar o país cumpriría rexenerar o Estado e

reforzar a estrutura productiva.

O pensador máis destacado foi Joaquín Costa. Destaca a súa obra "*Oligarquía e caciquismo*", onde trata de facer un diagnóstico (e buscar solucións) ao problema do atraso económico. O seu lema é *Escola e despesa*, e pretenderá cambiar o sistema dende arriba, antes de que unha revolución nas rúas remate con el. Cree que o sistema está tan corrupto (bipartidismo, caciquismo), que fará falta que chegue unha figura autoritaria, un *cirurxián de ferro*, que temporalmente asuma o poder para acabar cos profundos males do país. As súas propostas tiveron grande influencia sobre a opinión pública e os políticos.

O reinado de Alfonso XIII e a crise da Restauración, 1902-1923

En 1902 comenza o reinado de Alfonso XIII, con 16 anos. O novo rei mostraba unha forte inclinación pola intervención nos asuntos militares e políticos, e moitas veces as súas iniciativas persoais, aínda que dentro do marco da Constitución de 1876, excederon a práctica política que se esperaba dun rei constitucional, e non sempre foron afortunadas, o que foi desprestixiando a unha das bases do sistema, a Coroa. Durante o seu reinado producírase a progresiva desarticulación do sistema canovista.

O seu reinado pasará por 3 etapas:

- 1902-1923: Crise do sistema canovista.
- 1923-1930: Ditadura de Primo de Rivera.
- 1930-1931: Desprestixio do monarca e chegada da II República.

O asasinato de Cánovas (1897) e a morte de Sagasta (1903), provoca o progresivo desmembramento do sistema de quendas. Os novos líderes, Maura (conservador) e Canalejas (liberal), non foron quen de aglutinar a todos os seus partidarios e se dividiron en varias "familias", e os gobernos cada vez eran máis inestables. O rei intervén cada vez máis en política para tratar de solucionar as crises gubernamentais. Ademais o fraude electoral e o caciquismo continuaron, pero cada vez resultaba máis insoportables para a opinión pública.

A contestación política e social foise incrementando apoiada polas clases medias urbanas e masas de obreiros e xornaleiros. Ademais da **conflictividade laboral**, con numerosas e duras folgas, continuaron os atentados anarquistas. Nas cidades os **republicanos** teñen cada vez máis presenza (destacando A Coruña); tamén aumentaron as **correntes**

anticlerais estendidas entre republicanos e organizacións obreiras socialistas e anarquistas, acentuando o seu enfrentamento co catolicismo intransigente da Igrexa apoiado polo sistema oficial. Así mesmo tivo gran resonancia o auxe dos **nacionalismos periféricos**, sobre todo o catalán (fundouse a Liga Rexionalista de Cataluña) que foron vistos como ameazas para a unidade de España.



AL FRONTÓN CONDAL
 —¿Qué se celebra aquí, que hay tanta gente?
 —El Banquet de la Victoria.
 —¿De la victoria? Ah, vaya, serán paisanos.

Xurde neste contexto un novo actor: o **exército**. Segundo o canovismo, o poder militar tería que estar sometido ao poder civil. Porén, tras o desastre do 98, as críticas contra o exército xeneralizáronse causando un forte malestar entre os militares que foron progresivamente alonxándose dos seus postulados liberáís, desenvolvendo posturas cada vez máis conservadoras e autoritarias en defensa dos seus intereses corporativos e a considerarse os salvadores da patria e da unidade nacional. O exército iríase transformando nunha institución autoritaria, reaccionaria e antiliberal.

En 1905 uns oficiais da guarnición de Barcelona asaltaron varias redaccións de prensa (*Cut-Cut* e *La Veu de Catalunya*) nas que se defendía o catalanismo e criticábase ao exército.

O goberno, en vez de castigar a estes oficiais, promulga a Lei de xurisdicións (1906), pola cal se sometía a un xuízo militar os delitos de opinión e ás accións que fosen contra a unidade da patria e contra o exército. Deste xeito, o poder militar impúxose ao poder civil.

En 1907 chega o conservados Maura ao goberno tratando de renovar o sistema dende “arriba”, dende o poder, sen modificar a estrutura económica e social, para evitar unha posible revolución desde as clases populares. Aínda que moitas das reformas non se chegaron a aprobar pola oposición dos grupos dominantes, destacan os intentos de reformar a lei electoral, para erradicar o caciquismo e a Lei de administración local, coa que pretenderá dar maior autonomía aos concellos, deixando aberta a posibilidade de formar mancomunidades locais e provinciais. Durante o seu goberno se van a producir dous feitos fundamentais que agravarán a crise do sistema: a **cuestión marroquí** e a

Semana Tráxica de Barcelona (1909):

Xa perdidas as colonias americanas e asiáticas, o goberno español desenvolverá unha política expansionista cara África. Os acordos entre Francia e España (Conferencia de Alxeciras, 1906), garanten a zona de influencia española no



norte de Marrocos, nun territorio situado entre Larache e Melilla, unha zona árida, montañosa e habitada por una serie de tribos de orixe bereber gobernados por caudillos locais (destacando Abd-el-Krim) que teóricamente estaban baixo a autoridade do sultán de Marrocos.

Para facer efectiva a ocupación do territorio, o goberno español foi enviando tropas, co obxectivo de someter o territorio, asegurar a explotación das riquezas mineiras, e protexer a construción do ferrocarril.

En 1909 as tropas españolas sofren unha grave derrota no *Barranco do Lobo*. Para protexer os intereses económicos de certos grupos capitalistas e o prestixio do país, Maura decreta a mobilización dos reservistas. A opinión pública de esquerdas e as organización obreiras manifestáronse en contra.

O embarque das tropas cara África en xullo de 1909 provocará unha folga xeral convocada por socialistas e anarquistas contra a guerra de Marrocos. A folga foi un éxito, pese á radicalización dos folguistas (quema de conventos, barricadas nas rúas,...); durante unha semana as masas populares foron donas da cidade. Pero a falta dunha dirección coordinada, xunto co envío masivo de tropas a Barcelona por parte do goberno, remata coa insurrección popular.

A represión por parte do goberno foi moi dura: fusilamentos, execución do pedagogo anarquista Ferrer i Guardia (Escola Moderna, centro de ensino laico e racionalista), acusado de promotor. O seu fusilamento será un escándalo internacional.



A Semana Tráxica tivo amplias consecuencias políticas: caerá o goberno conservador de Maura e volve ao poder do Partido Liberal con Canalejas. Ademais favoreceu a reagrupación das forzas opositoras á monarquía: republicanos, socialistas e anarquistas (alianza electoral entre republicanos e PSOE que permitiu a elección como deputado do socialista Pablo Iglesias; os anarquistas fundan a CNT e convocan a 1ª folga xeral de España en 1911).

Con Canalejas comeza a etapa do rexeneracionismo liberal, que propón reformas para ampliar a base social atraendo ás clases populares. Entre estas reformas destacan:

- Separación de igrexa-estado, coa chamada **Lei do Cadeado** (1910), que tratará de limitar o establecemento de novas ordes relixiosas en España. (as presión obrigan ao goberno a retirala).
- Lei de mancomunidades provinciais, que completa as competencias dos concellos e canaliza as reivindicacións nacionalistas. Esta lei permitiu a creación da Mancomunidad catalá en 1914.
- Lei de recrutamento, que establecía o servizo militar obrigatorio, pero que abolía a redención de quintas (pago en metálico para librarse de ir ao exército), dando

satisfacción parcial a una ampla demanda social (estableceu os *soldados de cota*, que, mediante pago reducían o tempo do servizo militar).

- Máis fructíferas serán as súas leis de corte social. Créanse medidas para reducir a xornada laboral, lei de accidentes laborais, regulación do dereito á folga, prohibición do traballo nocturno da muller, etc.

Canalejas, cuxas medidas tiveron pouca transcendencia pola oposición dos conservadores, morrerá asasinado nun atentado anarquista en 1912. A súa desaparición incrementou o proceso de disgregación do sistema canovista.

A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos

A partir de 1917 produciuse o deterioro progresivo do funcionamento do sistema turnista e a existencia de crisis políticas e sociais cada vez máis graves que desprestixaron á monarquía e facilitaron o golpe de Estado militar de 1923.

No contexto internacional, España permaneceu neutral na I Guerra Mundial e como consecuencia hai un incremento da economía e o comercio internacional como subministradora de todo tipo de produtos aos países belixerantes. Pero ao mesmo tempo, hai un aumento de prezos de produtos de primeira necesidade, xa que se destiñaban á exportación. Como os salarios non subían ao mesmo ritmo, se deterioran as condicións de vida das clases populares, acentuándose o malestar social e político. Ademais, a postura ante a guerra divide á clase política e á sociedade en xeral: os xermanófilos e os aliadófilos.

Así, en 1917, prodúcese a crise máis profunda do sistema da Restauración, resultado da confluencia de tres tipos de conflitos:

- Crise militar: as **Xuntas de Defensa**. Créanse en Barcelona asociacións de militares de media e baixa graduación, que reivindican melloras salariais; a perda de poder adquisitivo explica que se estendesen por toda España engadindo outras reivindicacións: regulamento dos ascensos, defensa da honra militar, reprimir ao socialismo, anarquismo e nacionalismo separatista, etc.
O goberno de Eduardo Dato declara ilegais estas Xuntas e detén aos seus dirixentes. A presión dos militares obriga a Dato a rectificar, recoñecendo as reivindicacións, ante o temor dun golpe de Estado. O conflito puxo de manifesto unha vez máis a debilidade do poder civil fronte ao militar. A partir deste momento, os militares intervirán no nomeamento do ministro da Guerra e conseguirán melloras salariais. Pero os problemas do exército seguirán sen resolverse: escaso orzamento, atraso tecnolóxico, exceso de oficiais, e división internas (resentimentos entre a oficialidade ou entre peninsulares, os *xuntistas* que queren que os ascensos sexan por escalafón, e os *africanistas*, que queren que sexa por méritos de guerra).
- Crise política: a **Asemblea de Parlamentarios**. Aproveitando a debilidade do goberno, o desprestixio do rei pola súas intromisións na vida política e a división en camarillas dos partidos dinásticos, **Francisc Cambó**, líder da Liga Rexionalista de

Cataluña, presionou ao goberno co fin de reformar en profundidade o sistema político e conseguir unha auténtica autonomía para Cataluña. Ante a intransixencia de Madrid, a Liga convocou para o 5 de xullo en Barcelona unha reunión de deputados e senadores cataláns que pediron a convocatoria dunhas **Cortes constituíntes** para tratar a descentralización e a autonomía rexional e municipal. Se o goberno non accedía, invitábase a todos os parlamentarios españois, para poñer en marcha unha Asemblea extraordinaria para que, como representación lexítima da vontade do país, opinase sobre estes temas.

Aínda que foi prohibida polo goberno (foi considerada como unha “reunión ilegal, sediciosa e separatista”), reuniuse a Asemblea de parlamentarios o 19 de xullo, composta por un número reducido de deputados catalanistas, republicanos e socialistas, que insistiron na convocatoria de Cortes constituíntes.

Con todo, a Asemblea de parlamentarios fracasou pola falta de apoios e polas divisións internas entre os seus protagonistas ante a folga xeral convocada polos obreiros nas mesmas datas. Cambó, defensor dos intereses da burguesía catalana e temeroso dunha posible revolución social, abandonou as súas pretensións, retirándose da Asemblea e pactando con presidente (Eduardo Dato) a súa entrada no goberno central.

- Crise social: a **folga revolucionaria**. O proletariado, cunhas condicións de vida e de traballo moi duras (empeoradas polo impacto da Gran Guerra), atoparon nos sindicatos anarquista da **CNT** e socialista da **UXT** canles para reclamar melloras laborais, pero tamén para esixir un sistema político de tipo democrático. O incremento do malestar social dera xa lugar a unha folga xeral en 1916 contra a carestía da vida. Ante a intransixencia do goberno, a **UXT** e o **PSOE** convocaron unha **folga xeral revolucionaria** en agosto de 1917, para lograr o derrocamento do réxime e a convocatoria dunhas Cortes constituíntes. Esta folga foi apoiada á súa vez pola CNT e polos republicanos. A folga xeral presentou unha incidencia desigual, aínda que será maioritaria en Asturias, Madrid, Barcelona, Levante e País Vasco. O goberno reaccionou cunha forte represión (cadea perpetua para os convocantes, violencia policial, detencións masivas...) botando man da Garda Civil e do exército, cun balance de 70 mortos e dous mil detidos.

En síntese, en 1917, en poucos meses e de maneira sucesiva, unha parte do exército, una parte dos parlamentarios e una fracción organizada da clase traballadora ameazaron con botar abaixo a orde constitucional e o sistema establecido. Non entanto, o Goberno controlou a situación porque os protagonistas da crise non coincidían nos seus obxectivos. Os partidos republicanos e nacionalistas, de ideoloxía burguesa e temerosa dunha revolución, renunciaron ás súas pretensións e puxéronse ao lado do Goberno, o mesmo que o exército, para restablecer a orde pública.

Esta inestabilidade no país maniféstase na debilidade dos gobernos e do desprestixio da clase política. Os partidos dinásticos están fragmentados en “familias”, o que dificulta a formación e duración de gobernos. O sistema de quendas deixa de funcionar e o rei

recurre á formación de *gobiernos de concentración* (nos que par ticipan dirixentes dos distintos partidos políticos) incapaces de facer fronte aos problemas. Deste xeito, entre 1917 e 1923, data do golpe de Estado de Primo de Rivera, haberá 15 gobernos distintos, algúns de escasas semanas.

A inestabilidade política é utilizada por grupos anarquistas ou socialistas para tratar de estender as súas ideas. Os atentados anarquistas son frecuentes (Dato é asasinado en 1921), e o exemplo da Revolución Rusa chega a España (destacando o *Trienio Bolxevique*, entre 1918 e 21, sobre todo no campo andaluz). En Barcelona, en 1919, prodúcese a folga de *A Canadiense*, a empresa eléctrica, durante 44 días, que deixa practicamente paralizada á cidade.

Os empresarios recurren ao pistoleirismo para sofocar as folgas en Barcelona, entre 1919 e 1921. A cidade vive nunha espiral de violencia que leva ao goberno a declarar o estado de guerra, cedendo a orde pública aos militares.



A guerra de Marrocos


Outro problema xurde para o rei e o sistema canovista xa en desc omposición: Mar rocos.

Lembremos que os acordos entre Francia e España crearon o *Protectorado de Marrocos*, dependente de España. Na zona do Rif, a resistencia da poboación indíxena era forte, e se crean dous corpos específicos para a loita en Marrocos: a Lexión e os Regulares (con tropas recrutadas entre os indíxenas).

En 1921 o xeneral Silvestre, co obxectivo de obter unha victoria definitiva e estimulado polo rei, penetra no Rif para conquistar Alhucemas pero sen asegurar a retragarda. As cábilas rifeñas (tribus do norte de África), ao mando de Abd-el-Krim, atacan ás tropas españolas, morrendo a maioría dos soldados en Annual (máis de 10.000 soldados). Os rifeños fanse coa zona e proclaman a República do Rif.



O desastre do Annual provoca un forte impacto na opinión pública, acentuando a impopularidade da guerra e do exército.



Ábrese unha investigación (*Expediente Picasso, 1922*), que conclúe que o desastre foi debido á negligencia de Silvestre (amigo persoal de Alfonso XIII), salpicando ao propio rei da responsabilidade da acción, o que fai aumentar a oposición á monarquía.

Ante o cúmulo de problemas, o réxime tiña unicamente dúas posibilidades para

sobrevivir: democratizarse (alterando as bases sociais e políticas) ou impor una solución de forza encabezada por un *ciruxán de ferro* que puxese remedio aos males de España. Ante a negativa das institucións máis conservadoras (Coroa e Exército), e da oligarquía política e económica a introducir reformas democráticas por medo a perder os seus privilexios, a opción escollida no seu lugar foi un golpe militar da man do xeneral Primo de Rivera.

14. A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA (GOLPE DE ESTADO E ETAPAS: DELIMITACIÓN TEMPORAL E PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS.

En setembro de 1923, Miguel Primo de Rivera, capitán xeneral de Cataluña, co apoio de diversas personalidades políticas e militares, deu un golpe de Estado en Barcelona declarando o estado de guerra, suspendendo o réxime constitucional vixente dende 1876 e esixindo que o poder civil pasase a mans dos militares.

O argumento xustificador do golpe de Primo de Rivera era a consideración de que o réxime constitucional estaba bloqueado e desprestixiado e que existía un grave perigo de revolución social polas ameazas das reivindicacións dos nacionalismos fronte a unidade da patria, o auxe do terrorismo (tanto dos anarquistas como dos pistoleiros da patronal), a esixencia de responsabilidades ó exército polo Desastre de Annual e os conatos de indisciplina militar, xunto coa ineficacia e inestabilidade dos Gobernos incapaces de controlar a situación.

O Presidente do Goberno (o liberal García Prieto) propuxo a destitución dos xenerais sublevados. O Rei negouse e fixo saber a Miguel Primo de Rivera que, «desexoso de evitar un derramamento de sangue», chamábao a Madrid para encargarse do Poder; a coroa unía os seus destinos á ditadura. A situación non era unha excepción en Europa, pois noutros países con problemas similares tamén tomaron o poder gobernos autoritarios ou fascistas. Trátase dun período de crise xeral do sistema liberal.

O golpe contou inicialmente cunha ampla aceptación popular, explicable polo elevado malestar político e social existente en España, e porque se presentaba como unha medida excepcional e transitoria para solucionar os graves problemas vixentes. Os políticos conservadores, os terratenentes, a burguesía industrial e financeira e os pequenos e medianos propietarios apoiaron a nova situación política. Os socialistas non se opuxeron abertamente e mesmo colaboraron ata 1925. Polo contrario, tanto o Partido Comunista de España (PCE) como a CNT mantiveron desde os seus inicios unha oposición aberta á Dictadura e foron obxecto dunha dura represión. Así mesmo,



amosáronse críticos coa situación os intelectuais, os estudantes, os republicanos e algúns dos vellos políticos monárquicos.

Primo de Rivera presentouse a si mesmo como o rexenerador e o ciruxán de ferro do que falaran os rexeneracionistas, para rexenerar a vida pública española e solucionar os problemas máis urxentes (separatismo, terrorismo, corrupción, atraso económico, guerra de Marrocos...). Falto de formación intelectual e política, o seu pensamento era simplista e inxenuo, de base católica e conservadora, matizado polos principios militares de orde e autoridade.

A ditadura durou 7 anos, desenvolvéndose entre 1923 e 1930. Dentro daquela podemos diferenciar dúas etapas: o chamado **Directorio Militar** nos dous primeiros anos (período no que o dictador tentou facer fronte ós problemas sociais e militares que serviran de xustificación ó golpe); e, en segundo lugar durante o restante tempo o denominado **Directorio Civil** (que pretendía institucionalizar o réxime estimulado polos relativos éxitos iniciais, mostrando un maior interese polas cuestións de tipo económico e social).



O Directorio Militar (1923-1925). O primeiro goberno estivo composto só por militares, e proclama o estado de guerra en España durante dous anos. Tivo catro grandes obxectivos:

- Desmantelar o sistema da Restauración. Quere acabar co caciquismo e rexenerar a vida política. Así, suspende a Constitución de 1876, reform a a lei electoral (aínda que nunca convocou eleccións), destitúe ás autoridades vixentes e elabora novos estatutos municipais e provinciais para centralizar o poder. Ademais funda unha organización cívica, a Unión Patriótica. Non se trata dun partido político ao uso, senón o que Primo de Rivera chama un "*partido político apolítico*". Pódese definir como un movemento de apoio e propaganda á ditadura, sen unha ideoloxía concreta. En todo caso, será o único partido do novo réxime.
- Restablecer a orde pública. Para tratar de controlar o movemento obreiro foi decretado o estado de guerra ata 1925, quedando restrinxidas as liberdades públicas; controla e prohíbe as organizacións obreiras e as folgas. Para elo, fai extensivo para toda España o *Somatén*, organización catalana formada por paisanos armados baixo autoridade militar, cuxa misión será o mantemento da orde e da paz pública e na defensa da propiedade privada.
- Defensa da unidade da patria. Desenvolve campañas de afirmacións dos símbolos nacionais fronte aos nacionalismos periféricos (prohibe himnos, bandeiras, símbolos que non sexan os españois e o uso das linguas propias nas escolas e na administración). Os nacionalismos periféricos refúxianse nas manifestacións culturais, pero tamén redicalizan as súas posturas.

- Fin da guerra de Marrocos. Abd-el-Krim comete o erro de atacar posicións francesas no norte de África, nun claro erro estratéxico . Francia e España coordinan as súas forzas, rematando no *desembarco de Alhucemas*, reconquistando o Rif. En 1927 remata a guerra, contribuíndo ao prestixio do exército e á popularidade do ditador.

O Directorio Civil (1925-1930). Despois do éxito do desembarco de Alhucemas e restablecida a orde pública, Primo de Rivera decidiu afianzarse no poder, pór fin á dictadura militar e constituir un Directorio, formado maioritariamente por civís vinculados á Unión Patriótica, para “volver á normalidade”. As súas intencións foron o intento de sentar-las bases dun novo réxime político e a potenciación do desenvolvemento económico español. De novo contou co apoio do rei.

Nesta etapa destacan tres aspectos:

- Intento de instauración dun réxime corporativo, ao xeito da Italia fascista de Mussolini. Pezas básicas do novo sistema serán unha *Asemblea Nacional* de carácter consultivo, á que lle encarga a redacción dunha nova constitución para o país, finalmente non realizada. E a *Organización Corporativa Nacional*, parodia de sindicato, con comités paritarios entre empresarios e traballadores presididos por un representante do goberno, para solucionar os problemas laborais.
- Elaboración dunha ampla lexislación laboral e social. Co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos traballadores; ademáis, leva a cabo medidas paternalistas e populistas como o reparto de comida, a construción de casas baratas, subsidios para familias numerosas.
- Potenciación do desenvolvemento económico. Introduce políticas de intervención estatal no marco do capitalismo, inspiradas no fascismo italiano: potenciación das obras públicas e as vías de comunicación (modernización dos ferrocarrís, obras hidráulicas para xeneralizalo regadío e aumentar a rede eléctrica, nacen as Confederacións Hidrográficas); monopolios como CAMPSA ou a Telefónica; forte proteccionismo arancelario; control do mercado interior e os prezos; fomento da produción nacional mediante créditos e encargos estatais ás empresas privadas; reforma fiscal para aumentar os ingresos do Estado para desenvolver a política económica.

As medidas económicas se ven favorecidas pola boa situación económica internacional na segunda metade da década dos 20. O país crece economicamente, pero non logra solucionar os problemas de fondo: pouca competitividade no mercado mundial, déficit público, ausencia de reformas na agricultura que



Miguel Primo de Rivera animando a las tropas durante el desembarco

deixou intactos os seus problemas: baixa produtividade, atraso técnico, desigual reparto da propiedade,...Os principais beneficiarios deste desenvolvemento foron a gran burguesía terratenente, financeira e industrial. Ademais, moitas das obras de Primo de Rivera faranse aumentando a débeda pública do país.

O incremento da oposición e a caída de Primo de Rivera.

Se ben o golpe de Estado de Primo de Rivera espertara simpatías iniciais entre a sociedade española, co paso do tempo as críticas ó réxime e á persoa do ditador foron cada vez maiores. As sucesivas medidas do Goberno e os intentos de perpetuación do réxime, se ben contentaban ós grupos dominantes tradicionais, causaron fortes resentimentos e decepcións en numerosos colectivos: políticos liberais, que demanda o retorno ao sistema constitucional (algúns apoian a *Sanjuanada*, intento de pronunciamento militar a semellanza dos do XIX, na noite de San Xoán de 1926); os republicanos, que se van organizando contra a monarquía; os estudantes contrarios a os plans privatizadores das universidades; anarquistas que fundan a FAI (Federación Anarquista Ibérica) en 1927; e nacionalistas que radicalizaron as súas peticións ante a persecucións dos seus símbolos e linguas. A todos eles hai que engadir o conflito cos militares do Corpo de Artillería, ao pretender o ditador que os ascensos se realicen só por méritos e capacidade, non por antiguidade. Moitos altos mandos do exército non o aceptan, e piden axuda ao Rei para que faga recapacitar a Primo de Rivera. O rei non acepta, e empezan a asentarse ideas republicanas entre parte das tropas.

Ademais, en 1929 a coxuntura económica empeorou ante a depreciación da peseta, as malas colleitas, a redución na entrada de divisas dos emigrantes e a falta de recursos financeiros para os programas de intervención pública.

Ante estas dificultades, xa enfermo, consulta aos Capitanes Xenerais se segue a ter o seu apoio para gobernar. Ante a tímida resposta do exército, presenta a dimisión en xaneiro de 1930 e marcha a o exilio francés. Morrerá dous meses despois en París.

A monarquía de Alfonso XIII en 1930 e 1931.

Tras o exilio voluntario de Primo de Rivera en 1930, Alfonso XIII trata de encauzar a situación encargando ao Xeneral Berenguer formar un novo goberno en 1930. A súa pretensión era restablecer, de forma progresiva, o sistema constitucional de 1876 e as liberdades, polo que a este período sexa cualificado como a “dictabranda”.

A situación da economía é pésima. Comenzan a chegar os primeiros síntomas da crise mundial tralo crac de 1929, e pechan empresas e aumenta o paro. As folgas aumentan vertixinosamente e crecen os atentados.



Mentres tanto, a oposición xa estaba organizándose no *Pacto de San Sebastián* (agosto de 1930), que englobaba a multitude de forzas (republicanos, socialistas, nacionalistas,...). O obxectivo deste pacto era sentar as bases para unha futura república tras derrocar á monarquía.

A lentitude do goberno de Berenguer en realizar as reformas intensificou as denuncias antimonárquicas que consideraron un erro volver ao réxime da Restauración. O filósofo Ortega e Gasset fala do “erro Berenguer” no seu artigo de prensa *Delenda est monarchia/A monarquía debe ser destruída* que terá un forte impacto na opinión pública. Alfonso XIII queda sen apenas apoios.

As intentonas de establecer a república pola forza fracasaron (como a sublevación en Jaca dos capitáns Fermín Galán e García Hernández a finais de 1930, que foron fusilados

e convertidos nos primeiros mártires de República) ou a sublevación tamén fracasada de varios militares no aeródromo de Cuatro Vientos. Ante a crecente axitación política e social, en un intento de reconducir a situación, en febreiro de 1931, o Goberno de Berenguer foi substituído por outro de concentración presidido polo almirante Juan Bautista Aznar, que convocou eleccións municipais e xerais, esperando conseguir que os seus resultados non fosen moi adversos para a Monarquía e poder volver á normalidade como se nada sucedera entre 1923 e 1930 no país. Dadas as circunstancias, as eleccións municipais de abril de 1931 convertíronse nun plebiscito a favor ou en contra da Monarquía, declarando o Goberno e o exército que aceptarían o resultado. O triunfo das candidaturas republicanas nas grandes cidades (41 das 50 capitais de provincia e noutras grandes

poboacións) foi considerado como un apoio ó establecemento da República. O 14 de abril foi proclamada a II República española. Esa mesma noite, Alfonso XIII parte cara ao seu exilio francés (en 1941 abdicará no seu fillo Juan, e ese mesmo ano morrerá en Roma).

Para concluir, hai que ter en conta que a Ditadura de Primo de Rivera foi valorada de maneira diferente polos seus defensores (que destacaron as súas realizacións prácticas, minimizando a falta de liberdades e de garantías constitucionais) e os seus detractores, que acusaban ó dictador de romper un sistema, pero de ser incapaz de destruír os seus vicios. En todo caso, non conseguiu arranxar os problemas e deficiencias de base do sistema político e económico español (agás o problema marroquí), ó non admitir reformas democratizadoras nas estruturas nacionais. O balance era frustrante ao deixar en crise institucións básicas (Xustiza, Forzas Armadas, Universidade, Facenda), deixando sen resolver problemas que se viñan arrastrando dende a crise da Restauración e que



prometera arrancar o “cirurxán de ferro” (o caciquismo, o terrorismo anarquista, a radicalización dos nacionalismos periféricos....). Ademais a caída da Dictadura arrastrou pouco despois á propia monarquía borbónica, dando paso a unha nova etapa histórica en España, a II República (1931-1936).

15. O ESTABLECEMENTO DA II REPÚBLICA: FORZAS POLÍTICAS E A CONSTITUCIÓN DE 1931.

- *Tras o triunfo das candidaturas antimonárquicas en vilas e cidades nas eleccións municipais, proclamouse a República o 14 de abril de 1931. O rei Alfonso XIII abandonou España camino do exilio.*
- *Durante o período da República sucedéronse tres períodos distintos: o da colaición republicano-socialista (1931-1933), en que se elaborou a Constitución de 1931 e se iniciaron as principais reformas; o radical-cedista (1933-1936), que rectificou ou paralizou o proceso de cambio; e o da Fronte Popular (1936) no que se retomaron as reformas iniciais.*
- *O triunfo da Fronte Popular en febrero de 1936 radicalizou as posicións dos españois en dous bandos irreconciliables. O 18 de xullo dese mesmo ano iniciouse un levantamento militar que, por non triunfar plenamente, orixinou a Guerra Civil (1936-1939).*
- *Os militares sublevados contaron co apoio dos conservadores e tradicionalistas, así como dunha parte do exército, a maioría da xerarquía eclesiástica e do gran capital.*
- *Durante a guerra, no bando republicano, vivíronse novas experiencias políticas, sociais e militares, destacando a organización das colectivizacións agrarias e industriais, e a participación no goberno de comunistas e anarquistas.*
- *A guerra rematou co triunfo dos militares sublevados. Francisco Franco, máximo responsable das operacións militares, converteuse no xefe único e supremo do novo Estado.*

Circunstancias da chegada da II República.

Tras o exilio voluntario de Primo de Rivera en 1930, Alfonso XIII trata de encauzar a situación encargando ao Xeneral Berenguer formar un novo goberno en 1930. Mentres tanto, a oposición xa estaba organizándose no Pacto de San Sebastián, que englobaba a multitude de forzas (republicanos, socialistas, nacionalistas...). O obxectivo deste pacto era sentar as bases para unha futura república tras derrocar á monarquía.

Berenguer fracasa (Ortega e Gasset fala do “erro Berenguer” no seu artigo *Delenda est monarchia*), e Alfonso XIII encarga ao almirante Aznar a convocatoria de eleccións municipais, e máis tarde xerais. Para os grupos da oposición republicana, estas eleccións terán carácter plebiscitario, factor que o goberno e o exército aceptan.

As eleccións celebradas o 12 de abril de 1931 deron o triunfo ás candidaturas republicanas-socialistas nas cidades fronte ao medio rural onde venceron as monárquicas. O 14 de abril proclámase a II República española en diversas cidades e vilas, sendo a primeira a localidade de Eibar. En Madrid, a pasividade das autoridades monárquicas é sorprendente. Un

Goberno Provisional (deseñado no *Pacto de San Sebastián*) faise coas rendas do país: nomeou a Alcalá Zamora presidente do goberno, decretou amnistía xeral e proclamou as liberdades públicas e sindicais. Esa mesma noite, Alfonso XIII non contando cun apoio claro das autoridades militares e aconsellado polos seus ministros, decidiu **exiliarse**, para “evitar un baño de sangue”. (En 1941 abdicará no seu fillo Juan, e ese mesmo ano morrerá en Roma).



En Cataluña xurdirá a primeira crise: Francesc Maciá proclama a República Catalana e invitaba aos demais pobos de España a unirse á federación. Esta situación supoñía a transgresión do Pacto de San Sebastián no que se acordara que serían as Cortes Constituíntes as que decidisen o novo modelo de Estado. O Goberno Provisional negocia en Barcelona e consegue que Maciá ceda, ante a promesa de que na nova Constitución se plasmará o dereito de autonomía das rexións españolas.

Forzas políticas.

A República orixinou actitudes de apoio e rexeitamento que dividiron a sociedade española e crearon un ambiente de tensión que foi aumentando ata desencadear a Guerra Civil de 1936. A República naceu ademais nun **difícil contexto internacional** (crise económica de 1929, debilidade das democracias parlamentarias, auxe do fascismo e medo ao comunismo). Tivo o apoio das forzas republicanas e obreiras moderadas, pero tamén tivo que enfrontarse á desconfianza das forzas conservadoras (Igrexa, oligarquía económica e gran parte do exército), así como

ao rexeitamento da esquerda máis radical (anarquistas e comunistas). En liñas xerais, pódense diferenciar catro grandes grupos políticos e ideolóxicos:

- Forzas políticas de ideoloxía **autoritaria**. Non aceptarán a legalidade republicana, e se declaran antimarxistas. Defenden a unidade da patria, a orde social e o catolicismo. Algúns deles simpatizan co fascismo italiano (caso de Primo de Rivera). Verán con bos ollos a chegada do franquismo. A súa base social está entre as oligarquías terratenientes, a alta burguesía, e sectores da igrexa.

Destacan dous partidos:

- *A Falanxe Española* de Jose Antonio Primo de Rivera. Máis tarde chamada *Falanxe Española das JONS* (Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista).
- *Renovación Española* de José Calvo Sotelo (asasinado en 1936, pouco antes do comenzo da guerra).

- Forzas políticas de dereitas. Defenden o tradicionalismo, o catolicismo e a propiedade privada. Están apoiados pola pequena burguesía agraria e urbana.

Destacan:

- *A CEDA* (Confederación de Derechas Autónomas) de Gil Robles.
- *Lliga Catalana*.
- *Partido Nacionalista Vasco (PNV)*.

- Forzas políticas republicanas. Defenden a República como forma de estado, e neste grupo atopamos dende partidos de dereitas (que non están dispostos a profundas transformacións económicas e sociais) ata partidos de esquerdas. Teñen apoio entre as clases urbanas, pequena burguesía e intelectuais. Destacan os seguintes partidos:

- *Dereita Liberal Republicana* de Alcalá Zamora (dereita).
- *Partido Radical* de Lerroux (centro dereita).
- *Acción Republicana* de Azaña (esquerda).
- *Esquerza Republicana de Cataluña* de Maciá e Companys (nacionalista de esquerdas).
- Organización Republicana Galega Autónoma de Casares Quiroga (esquerda)

- Forzas políticas de esquerdas. Grupo moi heteroxéneo e complexo. Oscilan entre defender a República e loitar por derrocala para instaurar outro tipo de sistemas políticos. Defenden os intereses das clases populares, e os seus apoios virán dos obreiros industriais e dos xornaleiros do campo. Destacan os seguintes partidos e agrupacións:

- *PSOE*, Partido Socialista Obrero Español, de Indalecio Prieto.
- *UGT*, Unión General de Trabajadores, sindicato socialista, de Largo Caballero.
- *PCE*, Partido Comunista de España, de Dolores Ibárruri.
- *A CNT*, Confederación Nacional De Trabajo, sindicato anarquista, de Buenaventura Durruti.
- *A FAI*, Federación Anarquista Ibérica, sindicato anarquista.

A Constitución de 1931.

O novo goberno provisional aprobou diferentes medidas e reformas ao tempo que convocaba eleccións xerais a Cortes constituíntes que se celebraron en **xuño**, co triunfo da alianza republicana o-socialista.

Nomeouse unha **Comisión constitucional**, formada maioritariamente por republicanos e socialistas, para elaborar a futura Lei Fundamental, que sería aprobada finalmente en **decembro de 1931**, despois de tres meses de intenso debate; un dos temas máis controvertidos foi o do voto das mulleres. A constitución non foi sometida a refrendo, impedindo coñecer o grao de identificación cidadá e otorgando argumentos á dereita para rexeitala, alegando que non respondía á opinión maioritaria do país.

Cualificada como **democrática, progresista** e de **esquerdas**, a Constitución da II República baseouse nas constitucións máis avanzadas do seu tempo. Ese carácter democrático e progresista queda de manifesto ao recoller novidosos conceptos como a **soberanía popular**, unha **democracia** de tipo parlamentario, o **dereito ao voto das mulleres**, a **separación entre Igrexa e Estado** ou a descentralización territorial. Os trazos principais serían:



- Define España como unha **República de traballadores** de toda clase e como un **Estado integral** compatible coa autonomía dos municipios e rexións (forma ambigua de Estado, nin unitario nin federal, pero que satisface aos nacionalismos periféricos). Establécese a posibilidade de Estatutos de Autonomía, que deberán ser aprobados polas Cortes españolas.
- **As Cortes**, constituídas por una única cámara, teñen o poder lexislativo, e controlan os orzamentos e ao goberno. O Presidente da República é elixido polos deputados para un período de 6 anos e ten a potestade de nomear e cesar ao presidente do Goberno, e suspender e disolver as Cortes.
- **Presidente do Goberno** e os seus ministros exercerán o executivo. Deberán contar coa confianza do Presidente da República e co respaldo da maioría parlamentaria.
- Recolle **liberdades e dereitos** individuais e sociais moi amplos e claramente especificados. Ademais de recoller os dereitos individuais clásicos incorporaba os de libre asociación e sindicación, e dereitos sociais relativos á familia, á educación e ao traballo. Recoñécese tamén a igualdade de sexos en canto aos dereitos electorais.
- Establece un tipo de **economía mixta**: recoñece a propiedade privada (aínda que podía ser expropiada con indemnización, o que abría a posibilidade de reforma agraria), pero tamén recoñece o dereito do Estado de intervenir en asuntos

económicos. Isto provocará a oposición das dereitas (grandes propietarios e industriais), quen ve excesivo este asunto, como dos sectores radicais do movemento obreiro que esixirán moito máis por parte do Estado.

- Un dos aspectos máis polémicos será a relación entre **Igrexa e Estado**. A Constitución declara a non confesionalidade do Estado, a liberdade de culto, a separación Igrexa-Estado e se elimina a financiación estatal da igrexa. Prohibe ás congregacións relixiosas exercer a ensinanza, o comercio e a industria. Estes artigos provocan o rencor da igrexa española contra o réxime republicano que está a nacer.

Evolución política da II República

Unha vez aprobada a Constitución, foi elixido presidente da República Niceto Alcalá Zamora e xefe de Goberno Manuel Azaña. As eleccións xerais celebradas en tres ocasións durante o réxime republicano deron o triunfo, dunha forma alternativa, ás forzas de esquerda e de dereita. Diferéncianse así, segundo as forzas políticas gañadoras, tres períodos:

- **Bienio Reformista ou Socialista-republicano** (abril 1931-novembro 1933). Enfrontaranse temas como a reforma relixiosa, do exército ou a reforma agraria. Pero tamén terán problemas graves que virán tanto da dereita (*Sanjurjada*, o intento de golpe de estado do general Sanjurjo en 1932), ou da esquerda (o suceso de *Casas Viejas* en 1933 onde grupos anarquistas proclamarán o comunismo libertario nesta localidade gaditana, e serán moi duramente reprimidos pola Guardia Civil, morrendo máis de vinte campesiños e tres guardias de asalto). Este último feito suporá a caída do goberno de esquerdas.



- **Bienio de Dereitas ou Bienio Negro** (novembro 1933-febreiro 1936). Gañarán as eleccións as forzas de dereitas (encabezas polo *Partido Radical* de Lerroux e a *CEDA* de Gil Robles). Este período caracterízase polas políticas rectificadoras que tratan de botar atrás as políticas reformistas. Pero a tensión continúa no país. En 1934 teñen lugar os *Sucesos de Outubro*: por unha banda, a Revolución de Asturias (na que se pretende facer unha revolución socialista, que será duramente reprimida polo exército), e por outro en Cataluña declárase de xeito unilateral o Estado Catalán (o Estatuto de Autonomía será suspendido e os seus dirixentes encarcerados). Un escándalo de corrupción terminará co goberno (*escándalo do estraperlo*).
- **A Fronte Popular** (febreiro a xullo de 1936), unha confluencia de partidos de esquerdas (PSOE, PCE, Esquerza Republicana, etc), gañan as eleccións, cun programa moi reformador. Os sectores máis conservadores da política e a vida española non aceptarán este goberno, mentres os disturbios van en aumento. Un

grupo de Gardas de Asalto asasinan a Calvo Sotelo, en represalia polo asasinato do teniente republicano Castillo. No verán de 1936 a situación xa será insustentable.

16. AS GRANDES REFORMAS NA RÉPÚBLICA

O primeiro período republicano caracterizouse pola súa actividade reformista a través de innovadoras leis que pretendían democratizar a vida política española, modernizar a súas estruturas e mellorar o nivel de vida das clases menos favorecidas. Estas leis afectaban aos intereses da oligarquía o que orixinou una forte oposición aos cambios que supuxeran a perda de poder social e económico.

Centrarémonos en cinco aspectos: A reforma agraria, a reforma militar, a reforma relixiosa, a reforma educativa e a reforma territorial.

Reforma agraria.

Un dos elementos centrais do amplo proceso reformista impulsado polos gobernos republicanos foi a reforma agraria, feito que o gobernos liberais do século XIX nunca foron capaces de desenvolver con éxito, pese ás políticas desamortizadoras.

A España de 1931 é un país agrícola; o 45 % da poboación é rural, pero o reparto da terra é un asunto aínda sen resolver. A reforma agraria terá tres grandes obxectivos:

- Facer fronte á desigual distribución da propiedade da terra.
- Mellorar a situación do campesiñado.
- Incrementar a produtividade agrícola.

A existencia de amplas masas de campesiños sen terras, xornaleiros das rexións latifundistas do sur, e de pequenos propietarios e arrendatarios ó límite da subsistencia nas rexións setentrionais, constituía un problema endémico en España. Por iso a reforma agraria converteuse nunha das principais reivindicacións do campesiñado.

O goberno provisional de Niceto Alcalá-Zamora implantará unha serie de leis que aspiran á mellorar a situación do campesinado. Entre estas destacan o *Decreto de Termos Municipais* (que obriga á contratación de xornaleiros residentes nos propios Concellos), ou o *Decreto de Laboreo Forzoso* (que obriga aos propietarios a cultivar as terras, e que polo tanto impedía deixar sen traballo aos xornaleiros). Ademais de implantar a xornada de 8 horas no campo e seguros de accidente, retiro e maternidade para protexer aos traballadores.

Pero será o goberno Manuel Azaña dentro do Bienio Reformista quen encare o problema. Promulgará a *Lei da Reforma Agraria* que regulaba a redistribución da terra, facultando ó Estado á expropiación e reparto de terras particulares nunha serie de supostos. Entre elas estaban as terras incultas ou mal cultivadas, as comunais non explotadas de maneira directa, ou as carentes de rego pola desidia dos seus donos. Posto que a lei tamén prevía a indemnización dos propietarios expropiados, creouse o **Instituto de Reforma Agraria (IRA)**, para desenvolver este proceso e facilitar créditos ás familias campesiñas beneficiadas pola medida.

Esta reforma tivo que afrontar grandes problemas, sobre todo a radical oposición dos

propietarios agrícolas. Isto provocou o incremento da conflictividade social no campo, especialmente en Andalucía e Estremadura. A complexidade burocrática do proceso e as limitacións orzamentarias fixeron que a reforma se aplicase con grande lentitude e afectase a moitos menos campesiños dos previstos.

A chegada do Bienio Conservador supuxo a desmantelación da reforma agraria. Se anulan as expropiacións, se establece a liberdade total de contratación de xornaleiros, etc, empeorando as condicións de vida dos traballadores do campo. Isto fai que a tensión aumente, e o convulso ano 1934 (a folga xeral dese ano, a Revolución de Asturias ou o proclamación do Estado catalán), estará directamente relacionado con este movemento por parte do goberno.

Co Fronte Popular se retoma a cuestión agraria paralizada polos conservadores. Prodúcese ocupacións masivas de terras que o IRA non pode máis que legalizar. Os sectores máis conservadores do país perciben con alarma estes feitos.

Reforma militar.

En 1931 o exército español presentaba graves deficiencias: un número excesivo de oficiais e un equipamento escaso e obsoleto. A proclamación da República non é acollida con demasiado entusiasmo por parte das altas esferas do exército.

Foi Manuel Azaña quen emprendeu a reforma do exército en profundidade con 3 obxectivos: eliminar o poder político dos militares; reducir o número de oficiais; e aumentar a súa eficacia. O conxunto de medidas foi coñecida como **Lei Azaña que**, entre outras establecía a obriga dos militares a xurar fidelidade á República, a posibilidade de retiros voluntarios de oficiais, conservando o seu salario íntegro (máis de un terzo dos oficiais acolléronse a esta medida), o peche da Academia Militar de Zaragoza, da que era director o xeneral Francisco Franco e a racionalización dos ascensos, perdendo importancia os méritos de guerra.

Estas reformas non serán ben acollidas polos sectores máis reaccionarios do exército. O intento de golpe de Estado de Sanjurjo en agosto de 1932 (*Sanjurjada*), será o máximo expoñente do malestar nalgúns sectores do exército. Para contar con unha forza leal, a República creou un novo corpo: a Garda de Asalto, unha policía nacional republicana para defender e asegurar a orde pública nas cidades.

Durante o Bienio Conservador, o ministro da Guerra, Gil Robles, levará a cabo políticas de cambios no exército, ocupando postos de responsabilidade militares antiazañistas, de dudosa fidelidade á República. Así, Fanjul, Mola e Franco terán postos de alta responsabilidade no exército español.

Reforma relixiosa.

A xerarquía eclesíastica era moi conservadora e non estaba disposta a perder o dominio ideolóxico, cultural e social que tiña dende había séculos. Fronte a ela existía unha forte corrente anticlerical que pedía leis restrictivas para a Igrexa e que se manifestaba en ataques violentos a igrexas e conventos por parte de grupos minoritarios de anarquistas, creando unha mala imaxe do goberno republicano.

Un dos aspectos máis polémicos da Constitución do 31 será a relación entre Igrexa e Estado. A Constitución declara a non confesionalidade do Estado, a liberdade de culto, a separación Igrexa-Estado e se elimina a financiación estatal da Igrexa. Prohibe ás congregacións relixiosas exercer a ensinanza, o comercio e a industria. Estes artigos provocan o debate máis enconado ademais do rencor da Igrexa española contra o réxime republicano que está a nacer.

No Bienio Reformista desenvólvese a lexislación con un claro interese de reducir a influencia da moral católica na sociedade, con medidas como: a Lei do divorcio, a Lei do Matrimonio Civil e a Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas, onde o Estado deixa de realizar aportacións á Igrexa e ordea o peche dos centros docentes relixiosos.

Coa chegada do Bienio Conservador, revisarase a política relixiosa: non se aplicará a Lei de Confesións e Congregacións, os colexios católicos seguirán funcionando e o Estado continuará sufragando os soldos dos relixiosos.

Coa Fronte Popular, o enfrontamento Igrexa-Estado novamente pasará a un primeiro plano. Deste xeito, o apoio da Igrexa aos golpistas será total dende un primeiro momento.

Reforma educativa.

Un dos obxectivos do goberno republicano dende un primeiro momento será acabar o analfabetismo (30-50% da poboación) e modificando a mentalidade xeral para formar cidadáns libres e responsables capaces de levar a cabo a modernización do país. Na Constitución estaba a nova filosofía educativa: ensino obrigatorio, gratuito e laico

Durante o Goberno Provisional diseñouse un ambicioso programa de escolarización que incluía a creación de numerosas escolas e a mellora da formación dos Mestres. O nº de escolas aumentou en varios miles, os institutos de Bacharelato duplicáronse, mellorou a calidade do ensino, desenvolvéronse clases para adultos, recoñeceuse o dereito de emprego das linguas de España no ensino, diminuíron as taxas de analfabetismo... Nunca na historia de España se fixera tanto en tan pouco tempo.

Ademais, multiplícanse a rede de bibliotecas e xurden novas experiencias pedagóxicas como as *Misións Pedagóxicas*, *grupos de profesores* e estudantes da Universidade de Madrid levando reproducións de obras de arte, discos, películas, teatro...destinadas á extensión da cultura popular nas áreas rurais. Destacará o grupo teatral *La Barraca*, creado por Lorca, que en escenarios improvisados representarán obras de teatro clásico e popular.

Reforma territorial.

A Constitución republicana establecía que o Estado integral republicano era compatible coa autonomía dos municipios e rexións. Aquelas zonas que decidisen organizarse como rexión autónoma, deberían elaborar un Estatuto de Autonomía que debería ser aprobado pola maioría dos electores da rexión e polas Cortes.

Cataluña foi o primeiro territorio en comezar o proceso. Redáctase o *Estatuto de Nuria*, aprobado polo 99% dos votantes. En 1932 apróbase nas Cortes e Cataluña terá goberno e Parlamento propio con competencias en economía, cultura, educación, transportes e orden pública (Mossos d'Esquadra). Frances Maciá será o primeiro presidente.

No País Vasco, os carlistas e o PNV aproban en xuño de 1931 un proxecto de estatuto (o *Estatuto de Estella*), de carácter tradicionalista. Pero non contou co apoio dos partidos republicanos e socialista, por consideralo confesional e pouco democrático. Tras este primeiro fracaso, o PNV achega posturas cos republicanos, e en outubro de 1936 apróbase o Estatuto de Autonomía Vasco. Aguirre, do PNV, será o primeiro lehendakari.

En Galicia o proceso será máis lento. En xuño de 1936 apróbase en referendun un proxecto de estatuto, impulsado polo Partido Galeguista e por Castelao, pero nunca será debatido polas Cortes españolas polo comenzo da Guerra Civil.

As aspiracións de Andalucía (Blas Infante), Valencia, Aragón ou Baleares veranse igualmente freadas polo comenzo da Guerra Civil.

17. A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA (1936-39). SUBLEVACIÓN, BANDOS EN CONFLICTO E DIMENSIÓN INTERNACIONAL



A Guerra Civil constitúe o máis importante e o máis trágico dos feitos históricos españois do século XX. Nesta contenda concentráronse moitos dos problemas que a sociedade española contemporánea viña arrastrando dende períodos anteriores, especialmente da etapa republicana, e que por non lograr solucionarse a través do diálogo, acabaron por enfrontar ós españois nun conflito bélico.

Pero tamén é certo que a guerra foi o resultado das difíciles circunstancias que atravesou o mundo na década de 1930, no período denominado de entreguerras (crise económica de 1929, auge do fascismo, conflitos que preparan a II Guerra Mundial, etc).

No bando republicano o Goberno tivo que facer fronte (ademais da rebelión militar), á presión que dende a esquerda exercían os grupos políticos máis radicais, que vían na guerra a gran oportunidade para face-la revolución. Mentres, no bando nacional, o principal obxectivo foi elimina-lo réxime republicano e fortalece-lo novo poder en torno ó principal líder dos sublevados, o xeneral Franco, quen condicionaría enormemente o país durante corenta anos tra-la victoria de 1939.

A sublevación.

Entre o 18 de xullo de 1936 e o 1 de abril de 1939 tivo lugar unha cruenta guerra civil entre españois, enfrontados en dous bandos que se calificaban a si mesmos e ós contrarios como “azuis, nacionais ou fascistas” contra “roxos, antiespañois ou comunistas”. O Goberno de República conseguiu resistir durante case tres anos, pero finalmente o triunfo foi para os militares sublevados.

O temor a unha “revolución comunista que convertise a España nunha **República Soviética**” agrandouse tralo triunfo da **Fronte Popular** en febreiro de 1936, **radicalizándose** o panorama político entre as dereitas e as esquerdas. Nos meses previos á guerra o país viviu unha onda de folgas, atentados nas rúas, tiroteos e disturbios, todo o cal foi empregado polos grupos dereitistas para desacreditar ó goberno de Casares Quiroga.



O 17 de xullo, as tropas do Protectorado Español de Marrocos sublévanse contra o lexítimo goberno da República. Na madrugada do día 18, Franco autonoméase como xefe das tropas de África, e decreta o estado de guerra en Canarias e Marrocos. Entre os días 18 e 19, mentres Franco

se traslada dende Canarias a Tetuán para facerse cargo das tropas de Africa, militares conxurados tratan de facerse co poder na Península, aínda que con sorte desigual. As grandes cidades como Madrid, Barcelona, Valencia ou Oviedo permanecen fieis á República; noutras como Pamplona, Sevilla, Burgos, Zaragoza, triunfan os golpistas. En Galicia, a sublevación iníciase o día 20, e nuns poucos días calquera intento de resposta por parte dos republicanos queda sofocado.

Mentres, o goberno republicano non reacciona todo o rápido que a situación merecía. O presidente do goberno, Santiago Casares Quiroga, emite unha mensaxe tranquilizadora á poboación, mentres declara disoltos os corpos militares que apoiasen ou estivesen baixo o mando dos sublevados. Pero esta medida tivo efectos negativos: nalgúns cuarteis, onde os mandos aínda estaban indecisos, os soldados seguiron as indicacións do goberno e abandonan os cuarteis.

As forzas sociais de esquerdas piden armas para facer fronte aos sublevados. Pero Casares Quiroga, temeroso de que as forzas obreiras suplanten ao goberno, non quixo entregar as armas e dimitiu. Tras un intento fallido dun goberno negociador cos militares rebeldes encabezado por Martínez Barrio, un novo goberno de José Giral, entrega armas ás organizacións proletarias aínda co risco de que estas impuxesen a revolución.

A configuración dos bandos

Os dous bandos implicados na guerra entenden de distinto modo a participación no conflito e amosarán a polaridade na que estaba sumida a sociedade española:

- Para os protagonistas da sublevación, o levantamento foi un **Alzamento Nacional** (apoiado por sectores civís e militares), contra os extremismos de esquerda representados pola Fronte Popular. Amósanse como os defensores da relixión, da unidade da patria e da propiedade privada. Atopará apoios en oficiais intermedios do exército, na Guardia Civil (agas en Barcelona), nas masas católicas e conservadoras (CEDA, monárquicos, falanxistas, carlistas), e nos pequenos e medianos propietarios agrícolas. Tamén a igrexa apoiará aos sublevados calificando a rebelión militar como unha **Cruzada** contra o comunismo. A igrexa ata principios dos anos 70 non fará autocrítica sobre o seu apoio ao golpe de estado e do franquismo.
- Para o Goberno da República, a Fronte Popular e demais forzas republicanas, será unha rebelión militar contra un goberno legalmente conformado. Presenta a loita contra os golpistas como un combate contra a ameaza do **fascismo** que querían suprimir as conquistas e avances sociais, políticos e económicos que a República concedera ás masas traballadoras e contra as reformas iniciadas en febreiro do 36. Atopará apoios na maioría dos oficiais do exército de terra, mar e aire, e dos Gardas de Asalto. Ademais, as masas obreiras e os xornaleiros do sur da Península tamén apoiarán ao goberno lexítimo. Neste bando haberá tremendas diferencias ideolóxicas, xa que estaba constituído por forzas moi heteroxéneas: permaneceron fieis á República as forzas e organizacións de esquerdas, tanto

socialistas como comunistas (**PCE, PSOE, UXT**), e tamén os **anarquistas**. Xunto a eles, o resto dos partidos republicanos democráticos e de centro-esquerda, e os partidos nacionalistas (PNV, ERC, PG, etc), interesados en asegurar o proceso autonómico. Tamén existían sectores que pensaban aproveitar a guerra para desenvolver unha auténtica revolución (sobre todo, por parte dos **anarquistas**), o que fomentaría divisións e debilidades, un dos factores da derrota republicana en 1939.

A dimensión internacional.

A guerra ocasiona reaccións internacionais inmediatas. Europa está nunha época de tensión política e ideolóxica: Mussolini e Hitler xa estaban no poder, e existe un ambiente prebélico. Os republicanos piden axuda militar a Francia, mentres que os sublevados a pedirán a Italia e Alemaña.

Co fin de evitar que o conflito español se internacionalice, créase o **Comité de Non Intervención** de Londres, onde os países europeos acordan non enviar homes ou armas a España. Só Francia e Gran Bretaña cumprirán o pactado. Estados Unidos decidiu non intervir de forma oficial, pero non impediu a saída de armas e petróleo para un e outro bando, sempre que os subministradores fosen empresas privadas, e favoreceu a axuda de voluntarios.

Deste xeito, as axudas que recibirán os participantes será:

Axudas ao bando **nacional**: as potencias fascistas apoiaron aos sublevados por una mestura de motivos ideolóxicos e políticos.

Alemaña foi clave nos primeiros días da guerra (barcos e avión para o paso das tropas de África á península). A *Lexión Condor* foi decisiva para o bombardeo de posición republicanas (Madrid, Guernica...); España pagaría ao final da guerra con concesións de explotación das materias primas, especialmente minerais.

Italia aportou materiais e un grupo de *Camisas Negras* voluntarios; para Italia contar con España significaba controlar estratéxicamente o Mediterráneo.

Portugal, o Goberno ditatorial de Salazar enviou homes, os viriatos, ademais de axuda estratéxica ao bando nacional, pero moito menor que os países anteriores.

Tamén recibirán axudas económicas de capitalistas españois (o banqueiro Juan March) ou do propio Alfonso XIII. Compañías norteamericanas como TEXACO, Ford e General Motors tamén contribúen ao golpe.

Axudas ao bando **republicano**: A República contou con escaso apoio das principais democracias occidentais, sendo fundamental a axuda da URSS.

Francia, temerosa do triunfo das posicións máis revolucionarias dentro da República española, practicou una política de vacilacións. Nun principio apoia, pero logo cumpre o acordado no Comité de Non intervención. **Gran Bretaña** temía un conflito internacional que complicaría as súas relacións con Alemaña; tratou de illar o conflito español e foi a máxima defensora de que se cumprisen os acordos do Comité de Non Intervención, aínda

de que sabía que nin Italia nin Alemaña cumprían o pacto.

México tiña un goberno afín á República que axudou con envío de armas. Foi unha axuda máis simbólica que efectiva, pero sempre acompañada dun forte respaldo diplomático e de amparo aos republicanos.

A **URSS**, dirixida por Stalin, inicialmente tivo una actitude de prudencia pois pretendía un achegamento ás potencias europeas contrarias a Alemaña; máis cando constatou á axuda alemana e italiana enviou asesores militares e armas pagadas co ouro do Banco de España.

No conxunto das axudas á República, hai que destacar o papel das **Brigadas Internacionais**, formacións militares constituídas por voluntarios estranxeiros que combateron nas filas do exército republicano. Entre outubro do 36 e outubro do 38 combaterán uns 40.000/60.000 voluntarios antifascistas chegados dende todo o mundo (USA, Francia, Italia, Gran Bretaña, etc), de procedencia social moi variada, dende obreiros a escritores ou intelectuais (George Orwell, Hemingway,...) estimulados pola Internacional Comunista (Komintern). Tiveron un destacado papel, tanto na defensa de Madrid como no fortalecemento da moral do bando republicano. O desgaste da guerra e a presión internacional forzaron a retirada destes voluntarios en 1938. En xaneiro de 1996 viñeron a España 300 brigadistas superviventes aos que lle foi concedida a nacionalidade española en recoñecemento polo seu servizo.



De toda a axuda chegada do exterior, sen dúbida será decisiva a de Alemaña e Italia. É un dos factores que explican a victoria de Franco (aínda que poderíamos engadir máis: división entre os republicanos fronte ao mando autoritario e unitario por parte de Franco...). *Con todo* nin os sublevados nin os republicanos tiñan previsto que se desencadease unha **guerra fratricida** de tres anos de duración. Finalmente trala derrota do réxime republicano en 1939, **Franco** instauraría unha **longa dictadura** ata a súa morte, case corenta anos despois.

INTRODUCCIÓN AO FRANQUISMO

EVOLUCIÓN DA COXUNTURA INTERNACIONAL E TRANSFORMACIÓNS INTERNAS DO RÉXIME



O réxime franquista xurdiu da Guerra Civil como aglutinante dos vencedores no conflito. Aínda constituíndo un réxime de tipo **ditatorial** todo ao longo da súa existencia, a súa **extensa duración** (case corenta anos, o período máis longo da historia de España no S. XX) e a súa capacidade para adaptarse ás mudables circunstancias internacionais, fixeron que experimentara importantes cambios co paso dos anos. Con todo, pódense sinalar como trazos permanentes do réxime os seguintes:

- A concentración de poderes na persoa de Franco.
- A existencia dun Estado forte e centralizado, negador da pluralidade interna de España.
- A negación das liberdades individuais e do pluralismo político e sindical.
- Estableceu un réxime de partido e sindicato únicos, ao tempo que perseguía calquer asomo de oposición ao mesmo.
- Forte peso que manteñen en toda a súa historia dúas institucións: o Exército e a Igrexa católica.

O réxime de Franco mostrou dende os inicios unha notable capacidade de se adaptar aos cambios da coxuntura internacional, se ben mantendo intactos os seus caracteres esenciais.

a) Antes de 1945: Influencia fascista

O partido fascista fundado por Jose Antonio Primo de Rivera, a **Falanxe**, exerceu unha grande influencia e os seus membros ocuparon os postos principais do goberno, en consonancia co apoio recibido de Alemaña e Italia durante a guerra civil. O réxime

adoptou signos externos fascistas como o saúdo co brazo en alto, concentracións masivas de estética nazi ou musoliniana.

A pesar das súas simpatías polo Eixe, ao desencadearse a II Guerra Mundial o réxime adoptou unha postura de neutralidade, aínda que pronto comezou a valorar a posibilidade de entrar no conflito a cambio de axuda económica e concesións territoriais no norte de África. Franco entrevistouse con Hitler (Hendaya, 1940) e Mussolini (Bordighera, 1941) e España cambiou a súa posición pola de “non belixerancia” en 1941, cando xa viña colaborando desde tempo atrás con Alemaña en materia de espionaxe e aprovisionamento de submarinos. Esta posición foi abandonada dous anos despois (1943) cando a evolución da guerra comezou a tornarse desfavorable para as potencias fascistas, reducíndose a participación española na guerra ao envío da “División Azul” ao fronte ruso.

A influencia fascista tamén estivo reflectida no plano económico a través da **autarquía**, sistema de interveccionismo estatal co que se pretendía converter a España nun país economicamente autosuficiente, e que viña substituír parcialmente ao funcionamento do mercado.

b) Despois de 1945: Influencia católica e illamento.

A derrota dos fascismos na guerra provocou o **illamento internacional** do franquismo, ao consideralo as potencias vencedoras equiparable aos réximes que acababan de ser derrotados. Non se permitiu o ingreso de España na ONU e, en 1946, este organismo decretou a retirada de embaixadores de Madrid. Estas medidas foron olladas con grande esperanza pola oposición ao franquismo, que vía próxima a fin do réxime.

En política económica, a autarquía conduciu a resultados desastrosos, o que lle impediu a España aproveitar a coxuntura económica favorable que viviu Europa despois da Guerra mundial. Entre os seus efectos pódense citar o desabastecemento de produtos básicos -que deu lugar aos fenómenos do “estraperlo” e o “mercado negro”-, a redución do consumo privado, a perda de competitividade exterior, a falta de divisas ou un empeoramento das condicións de vida das clases populares ao subir máis os prezos que os salarios. Son os anos da fame.

c) Anos 50, Guerra Fría: fin do illamento internacional

Pero o inicio da “Guerra Fría” (1947), ou estado de permanente tensión entre o bloque capitalista liderado polos EE.UU. e o bloque comunista dirixido pola URSS, mudou radicalmente a situación. España comezou a ser vista polos EE.UU. e outros países aliados como un potencial aliado na loita contra o comunismo.

Este novo contexto internacional suporía o paulatino final do aillamento do réxime:

- En 1953 España asinaba o “Concordato coa Santa Sé” e o “Acordo Hispano-Americano” que, a cambio de axuda económica, permitíalle aos EE.UU. a utilización dalgunhas bases militares situadas en territorio español (Rota, Torrejón e Zaragoza).
- En 1955 produciuse o ingreso de España na ONU gracias ao apoio dos EE.UU.

A principal consecuencia deste cambio de coxuntura internacional foi que os sectores falanxistas foron perdendo peso e accederon ao goberno homes procedentes da institución católica do Opus Dei (1957). Estes homes, os “**tecnócratas**”, eran expertos en dereito e economía e imprimíranlle un importante cambio de rumbo ao réxime nos anos sucesivos.

A nivel económico a apertura tamén se traduciu na chegada de inversión capitalistas procedentes de EEUU e os seus aliados europeos que provocaría un espectacular desenvolvemento económico que permitiu perdurar á dictadura.

d) Anos 60, a “Dictadura desarrollista” (1959-1975)

Ao longo dos anos 60 e os primeiros 70 España viviu unha etapa de extraordinario crecemento económico, logrando converterse nun país industrial semellante aos do entorno europeo. O extraordinario crecemento económico acadado nos anos seguintes explícase por dous factores: a coxuntura expansiva da economía internacional e europea e a habilidade dos responsables da política económica para arbitrar medidas que lle permitiran ao país aproveitar esa coxuntura.

A adopción do **Plan de Estabilización** (1959) foi obra do novo goberno no que tiñan un forte peso os tecnócratas vinculados ao “Opus Dei”. O proxecto deste sector consistía en modernizar económica e socialmente España sen alterar no esencial a estrutura política do réxime.

Un papel fundamental no éxito desta nova política económica xogárono unha serie de variables externas, as cales posibilitaron a entrada de divisas en España para equilibrar a balanza de pagamentos e importar a tecnoloxía precisa para as novas actividades. O aporte de divisas procedeu da emigración (máis de 2 millóns de traballadores saíron de España entre 1960-1975, absorvendo a man de obra excedentaria do sector primario), o turismo e os investimentos exteriores (sobre todo dos EE.UU. e a RFA).

Os resultados foron espectaculares. España presentou, entre 1959 e 1966, unha taxa de crecemento anual do PIB superior á de calquer país europeo e incorporouse ao grupo dos países industrializados.

Igualmente importantes foron as transformacións sociais: proceso urbanizador, medrou o número dos obreiros industriais e das novas clases medias, consolidouse a sociedade de consumo e modificáronse as pautas de comportamento (occidentalizándose e alonxándose cada vez máis dos presupostos represivos do nacional-catolicismo). A elo tamén contribuíu a extensión da educación, en todos os seus niveis, e a redución drástica do analfabetismo.

e) Fin do franquismo: crise do petróleo 1973 e morte de Franco 1975

Os últimos anos do franquismo foron os máis axitados. Os tímidos cambios introducidos non poideron ocultar a incapacidade do réxime para se adaptar ás profundas transformacións socio-económicas e culturais que experimentara España desde os comezos dos anos 60. Pola súa parte, a oposición política incrementara os seus apoios en base ás novas realidades sociais emerxentes: a expansión dunha clase obreira que

reclamaba liberdade sindical e dereito á folga, a chegada á Universidade de xoves procedentes das capas populares, a insatisfacción en medios intelectuais ante os pechados horizontes culturais do réxime... Estaba claro que o franquismo se ía atopar con serias dificultades para sobrevivir a Franco.

A crise de petróleo do ano 1973 (conflicto Israel-Palestina), frena a expansión económica do desarrollismo e a oposición, tanto interna como internacional, fortalécese. As cousas agraváronse en 1975 co empeoramento do estado de saúde do dictador. A fin do réxime estaba perto. Só faltaba a morte de Franco, afectado pola enfermidade de Párkinson desde 1965. m

18. O FRANQUISMO: CARACTERÍSTICAS E INSTITUCIONALIZACIÓN.

O franquismo foi a consolidación da ditadura militar iniciada no bando sublevado durante a guerra civil que ten como elemento inmutable ao longo dos 40 anos que perviviu a figura de Franco, líder mesiánico que concentraba na súa persoa todos os poderes do Estado.

Foi durante a Guerra Civil cando se perfilaron os trazos do novo réxime, en gran medida obra persoal de Francisco Franco Bahamonde, xefe supremo dende outubro de 1936: mando único e indiscutible, orde e obediencia á autoridade, imposición dos valores castrens e católicos, unidade da patria, nacionalismo español, férreo control dos opositores e mantemento do tradicionalismo en costumes e símbolos. Así recuperou a bandeira monárquica (vermella e amarela), e o escudo incorporou elementos da época dos Reis Católicos (a aguiña e o xugo e as frechas); o himno volverá a ser a Marcha Real de Granaderos. Estes trazos mantivéronse, con escasos cambios, ata a morte do ditador.

Os rasgos ideolóxicos do franquismo viñan imitados do Fascismo italiano e ten como **características**:

Franco, caudillo de España. Franco concentrará na súa persoa todos os poderes do Estado xa dende 1936 (Xefe de Estado, Xefe de Goberno, Xeneralísimo dos exércitos) e, ao igual que outros ditadores europeos, recibirá un tratamento de Caudillo de España, símbolo da vontade da nación española. Nun primeiro momento o seu poder non terá límites, so aqueles derivados da formación do ditador: o catolicismo, someténdose á doutrina da Igrexa; o anticomunismo, aliándose co país que liderase o anticomunismo no mundo (Alemaña, USA); e monárquico, polo que definiu a España como un reino e estableceu que a xefatura do Estado sería ocupada, a súa morte, por un rei que el designase.



Militarismo. Franco exerceu o seu poder contando sempre co apoio do exército. Ao exército correspondíalle non só a defensa do territorio, senón a defensa da integridade da patria, da orde pública e do réxime fronte ós seus inimigos internos (os comunistas e separatistas). Como salvagarda do sistema, os militares gozaron de numerosos privilexios e atribucións que os convertían nunha caste aparte da sociedade. As virtudes castrens foron consideradas como modelos a imitar por todos e os militares participaban en tódolos ámbitos da vida social e política. Aínda así, no aspecto técnico e profesional, o exército mantívose obsoleto, cunha escasa preparación e reducido a presumir dos seus triunfos na guerra civil.

A unidade da patria e o centralismo. España será unha “*unidade de destino no universal*”, segundo a Falanxe: todos os individuos e intereses teñen que estar sometidos a España, importa o Estado non o individuo. Todalas terras que formaban España constituían una entidade única e indivisible, e rexida por un poder central. Deste xeito

suprímense as institucións autonómicas creadas pola Segunda República, ademais de reprimir as linguas e peculiaridades culturais. En realidade, só está permitido o folclore rexional. Os valores e modelos serán os de Castela, sendo o único idioma o castelán.

O nacionalcatolicismo. O franquismo defendeu que a vida política, social e cultural estivese sometida ás directrices da Igrexa católica. En contrapartida, a igrexa letixima o réxime de Franco. Desta unión de intereses nace o que se coñece como nacionalcatolicismo español.



Nacional sindicalismo. O ámbito sindical organizouse seguindo modelos fascistas. Foron declarados ilegais todos os sindicatos de clase e a organización sindical completouse cun único sindicato a nivel nacional, o sindicato vertical, controlado por Falanxe. Neste sindicato están representados membros do Ministerio de Traballo, os representantes dos patróns e representantes dos traballadores, e estaban obrigados a entendarse. A xustificación última deste sistema sindical é que o Estado sexa o árbitro das relacións laborais, actuando dun modo paternalista para evitar a conflictividade social. O fin é que desapareza a loita de clases, características das sociedades liberais e capitalistas.

Subordinación da muller. A familia é a base da sociedade franquista. Protexida polo Estado, e dacordo coa moral católica, o vínculo entre home e muller é indisoluble, e ten como fin a procreación; cada un dos seus membros tiña una finalidade específica: o home, traer os recursos; a muller, os labores da casa, educar e atender os fillos, perpetuar a tradición e o sistema vixente.

Para divulgar estes papeis, xoga un papel fundamental a **Sección Feminina**, creada en 1934 por Falanxe, e presidida por Pilar Primo de Rivera (filla do ditador e irmá do fundador de Falanxe).

Potenciou o modelo feminino caracterizado pola pasividade política e a nula participación pública, xustificando que o coidado da casa e da familia eran as únicas actividades que lle correspondía por natureza.



Control da xuventude. A nenez e a xuventude tamén serán obxecto de control por parte do Estado. Tratará de difundirse a idea dunha Nova España, inculcando valores tradicionais como valentía, autoridade, disciplina, xerarquía. A partir de 1944, coa materia obrigatoria coñecida como *Formación do Espírito Nacional*, o réxime encargárase de inculcar o amor á patria e exaltar os valores do Movemento Nacional en toda as escolas. Valores supremos como *Deus, imperio e raza* serán ensinados dende moi tempranas

idades. O crucifixo, o xugo e as frechas, ou o *Cara al Sol* serán símbolos omnipresentes en toda as escolas do país.

O réxime mantívose gracias a catro apois fundamentais:

1. **O exército**, que lle permitiu gañar a guerra e aplasta toda oposición ao réxime.
2. **A Igrexa católica** que calificou a Guerra Civil de Cruzada contra o ateísmo marxista e xustificou a autoridade de Franco, recoñecido como “Caudillo de España pola gracia de Deus”, a cambio de influencia política, económica e o control da moral, da educación e dos costumes de España.
3. **A Falanxe**. A doutrina oficial do réximen franquista baseouse no programa da Falanxe e dos requetés (carlistas), fusionados en 1937 por orde de Franco como Falange Española Tradicionalista e de las JONS (Juntas de Ofensiva Nacionais Sindicalistas).
4. **A oligarquía terratenente, industrial e financeira**, moitos monárquicos e unha importante masa de poboación, sobre todo pequenos propietarios. Con todos eles Franco manobrava habilmente impedindo que nunca se discutira o seu liderato. Finalmente contou tamén coa sumisión do resto da poboación grazas ao control e a forte represión exercida polo exército a Igrexa e a Falanxe.

Institucionalización: base legal e institucións franquistas.

O remate da guerra non significou o inicio da paz e reconciliación senon o inicio dunha victoria aplastante eliminando as institucións e políticas da Segunda República e instaurando un réxime destinado a durar todo o posible. Neste proceso de institucionalización, Franco, que era un antiliberal convencido, opúxose a crear unha constitución, optando pola aprobación dunhas leis ás que, no seu conxunto, se lles daba un carácter constitucional como normas básicas da organización do Estado: as **Leis Fundamentais**. Foron sete leis elaboradas entre 1938 e 1967. Foron aprobadas progresivamente tendo en conta a evolución económica do réxime e a coxuntura internacional de cara a lograr o recoñecemento dos países extranxeiros.

Coa aprobación destas leis se foi construído un sistema político denominado polos seus artífices como **democracia orgánica**, un peculiar sistema que otorgaba aos españois participación política a través dos órganos naturais e básicos da sociedade: a familia, onde se nace, o municipio, onde se vive e o sindicato, onde se traballa, rexeitando o sistema democrático caracterizado pola representación política baseada no individuo e nos partidos políticos.

A democracia orgánica está constituída polas seguintes institucións:

Cortes, órgano consultivo e deliberante. Os seus membros, chamados procuradores, eran elixidos por un complexo sistema que restrinxía o dereito de sufraxio. Nun primeiro momento, uns eran designados por Franco, outros pertencían por razón do seu cargo (ministros, os membros do Consejo Nacional da Falange e da Organización Sindical), e o resto eran representantes dos sindicatos verticais e dalgunhas entidades profesionais.

Concellos. Os concelleiros eran eleixidos do seguinte xeito: un terzo polos veciños cabeza de familia; outro terzo por elección dos sindicatos locais; e outro terzo por concelleiros xa electos entre membros destacados da comunidade local.

Existe a posibilidade de participar nesta democracia orgánica a través do referendun. A partir da **Lei de Referendun** (1945), os homes e mulleres maiores de 21 anos poden ser chamados a consultas. Foi empregado en dúas ocasións: aprobación da Lei de Sucesión (1947); aprobación da Lei Orgánica do Estado (1967).

LAS LEYES FUNDAMENTALES	
FUERO DEL TRABAJO DE 1938	Contenía el embrión de la legislación social posterior: retribución de los trabajadores, magistratura como jurisdicción especial para los litigios laborales, organización de la empresa y la propiedad, de los sindicatos, seguridad social, etc.
LEY DE CORTES DE 1942	Composición de las Cortes en tres tercios: sindical, profesional y de designación. Elevado número de designados por el ejecutivo.
FUERO DE LOS ESPAÑOLES (17-VII-1945)	Carta de principios, derechos y obligaciones. Contenía: configuración general del régimen como Estado católico, social y de derecho; obligaciones de los españoles; derechos de los españoles.
LEY DE REFERÉNDUM NACIONAL (22-X-1945)	El Jefe del Estado podía someter a referéndum los proyectos de leyes elaborados por las Cortes cuando el interés público lo demande. El Jefe del Estado continúa teniendo plena libertad para seguir dictando leyes fundamentales sin necesidad de referéndum.
LEY DE SUCESIÓN EN LA JEFATURA DEL ESTADO (1947)	El Estado pasa a configurarse oficialmente como monarquía. Franco seguirá a la cabeza del Estado con carácter vitalicio. El Jefe del Estado se reserva el derecho de elegir un sucesor.
LEY DE PRINCIPIOS DEL MOVIMIENTO NACIONAL (17-V-1958)	Se hacen evidentes los viejos postulados falangistas con un resumen del ideario de FET y de las JONS. Queda formulado el monopartidismo.
LEY ORGÁNICA DEL ESTADO (10-I-1967)	Separación de los cargos de Jefe del Estado y de presidente del Gobierno → régimen casi presidencialista. Fuerzas Armadas como garantes de la integridad territorial, la seguridad nacional y la defensa del orden institucional. Posibilidad de creación de asociaciones de acción política.

Para explicar a evolución das leis fundamentais temos que ter en conta a coxuntura internacional ao longo do franquismo.

1ª LEI FUNDAMENTAL, Foro do Traballo (1938): promúlgase aínda en plena guerra, en 1938, regulamentaba o mundo laboral e vai a ser copiada do fascismo italiano. Nel recollíanse aspectos sociais de mellora das condicións dos traballadores como a prohibición de traballo nocturno para mulleres e nenos, o descanso dominical e nas festas relixiosas e civís, vacacións anuais retribuídas, subsudio familiar, seguros de enfermidade, invalidez, maternidade e vellez. Organizaba ademais o único sindicato legal, o sindicato vertical.

2ª LEI FUNDAMENTAL, Lei Constitutiva das Cortes franquistas (1942): no contexto da 2ª guerra mundial e ante o posible derrota dos fascismos, Franco, que apoiara con tropas e minerais á Alemaña de Hitler, aproba esta lei fundamental para intentar achegarse ás democracias occidentais. Coa lei creaba unhas Cortes orgánicas con función únicamente consultiva e deliberante.

3ª e 4ª LEI FUNDAMENTAL, Foro dos Españois (1945) e Lei de Referendun (1945): ámbalas aprobadas en 1945 influídas pola derrota do fascismo. Pretenden dar unha falsa

aparición de democracia. O **Foro dos Españóis** era unha táboa de dereitos e deberes, a modo de carta outorgada, que quedaban rexistrados na lei pero que non estaban garantidos na práctica. Entre os principais deberes establécense: fidelidade á patria, lealdade a Franco, obediencia ás Leis Fundamentais, servizo militar obrigatorio, pagar os tributos, alimentar e educar aos fillos e manter a unidade espiritual e nacional de España. Entre os dereitos recoñécense algún de carácter individual -liberdade de opinión, de residencia, de reunión e asociación-, e outros de carácter social- dereito de educación, seguro de enfermidade e accidentes-; pero todos eles supeditados ao mantemento dos principios fundamentais do réxime, o que facía imposible o seu exercicio con total liberdade.

A **Lei de Referendum** daba participación á opinión pública para sancionar as leis que decidía o xefe do Estado. O franquismo impuxo unha férrea censura na prensa e na cultura. Toda as manifestacións do pensamento foron controladas e tentouse educar nas escolas no chamado **Espírito Nacional**, conxunto de ideas e valores políticos e históricos defendidos polo réxime. Neste clima de censura e control da sociedade, sempre se aprobaba as propostas do ditador.

5ª LEI FUNDAMENTAL, Lei de sucesión (1947): o illamento internacional do réxime, fruto da victoria democrática da 2ª guerra mundial, está asfixiando economicamente ao réxime. Son os anos da autarquía e da dura posguerra. Dende Suíza, Juan de Borbón, o rei no exilio, publica un manifesto (Manifesto de Lausanne) calificando ao réxime franquista de fascista e esixindo a restauración da monarquía na súa persoa. Franco teme a reacción dos militares monárquicos, polo que aproba a **Lei de sucesión** onde España quedaba definida como un reino; Franco era ratificado como xefe do Estado, establecendo os mecanismos para elixir o sucesor a título de rei.

Pero as relacións entre Juan de Borbón e Franco foron complicándose e finalmente, en 1969, Franco apartouno da sucesión a favor do seu fillo, Juan Carlos, quen foi proclamado príncipe herdeiro. Segundo a frase de Franco, *todo quedaba atado e ben atado* no referente á súa sucesión. Esta decisión tomada por Franco afectou ás relacións entre pai e fillo. Pois, aínda que Juan Carlos declarase que nunca iría contra os dereitos do seu pai, a realidade era que aceptar as esixencias de Franco, era a única vía de restaurar aos Borbóns no trono de España. Juan de Borbón non renunciou aos seus dereitos ata 1977, sendo xa rei o seu fillo.

6ª LEI FUNDAMENTAL, Lei de principios do Movemento (1958): os anos 50, coa coxuntura internacional centrada na Guerra Fría, supoñen para o réxime franquista unha oportunidade, pois EEUU e os aliados europeos consideran a España como un potencial aliado na loita contra o comunismo. Comezan os acordos entre o réxime franquista e EEUU que suporán o fin do illamento internacional e grandes inversións económicas (a cambio de bases militares americanas en territorio da península) que liberalizan a economía e lograrán un crecemento económico e industrial equiparable ás nacións europeas. Todo este proceso de integración internacional culmina cos acordos coa Igrexa no Concordato de 1953, onde o Papa de Roma recoñecía oficialmente o goberno de Franco, e na admisión de España na ONU en 1955. Así en 1958 se aproba a **Lei de**

principios do Movemento que pretende seguir afastándose do fascismo: cambio o nome do único partido, Falanxe española, polo de **Movemento nacional**, aínda que mantiña os principios inmutables e permanentes do réxime: unidade de España, condición de reino católico, e unidades naturais da vida social: familia, municipio e sindicato.

7ª LEI FUNDAMENTAL, Lei Orgánica do Estado (1967): a principal consecuencia dos acordos con EEUU dos anos 50 foi que os sectores falanxistas foron perdendo peso e accederon ao goberno homes procedentes da institución católica do Opus Dei. Estes homes, os “**tecnócratas**”, eran expertos en dereito e economía e imprimíranlle un importante cambio de rumbo ao réxime nos anos sucesivos. Foron tamén os que convencen a Franco para avanzar na aparencia de democracia coa **Lei Orgánica do Estado** de 1967 onde se separa os cargos de Xefe de Estado e de Presidente do Goberno, reservándose Franco o dereito a nomear este último. Así en 1973 nomea a Carrero Blanco, militar da súa confianza, Presidente do Goberno, que será logo asesinado por ETA.

Os últimos anos do franquismo foron os máis axitados. Os tímidos cambios introducidos non poideron ocultar a incapacidade do réxime para se adaptar ás profundas transformacións socio-económicas e culturais que experimentara España desde os comezos dos anos 60. A crise de petróleo do ano 1973 (conflicto Israel-Palestina), frena a expansión económica dos anos 60 e a oposición, tanto interna como internacional, fortalécese. As cousas agraváronse en 1975 co empeoramento do estado de saúde do dictador. A súa morte abriu un proceso que en poucos anos ía conducir ao desmantelamento completo da dictadura nun proceso que denominamos Transición democrática.

19. O FRANQUISMO: AS FORMAS DE OPOSICIÓN AO RÉXIME.

O final da Guerra Civil non supuxo a fin da violencia. En 1940 continuará a represión contra os perdedores da guerra (uns 300.000 españois na cadea, uns 22.000 fusilamentos,...). Coa “Lei de responsabilidades políticas” de 1939 se penalizaron os actos e opinións dos vencidos, considerándoos como os verdadeiros responsables da guerra. As persoas sospeitosas de republicanismo serán depuradas, especialmente funcionarios e intelectuais, e moitos presos redimirán as súas condenas en batallóns disciplinarios de traballo, sendo man de obra barata (ou directamente en condicións de escravitude) para empresas públicas ou privadas.

Ao mesmo tempo se empeza a organizar a oposición ao franquismo. Esta oposición pasará por varias fases ao longo dos 40 anos de ditadura influenciada pola coxuntura política e económica internacional.

ANOS 40. Os republicanos exiliados e as guerrillas antifranquistas.

Este primeiro período caracterizouse polas dificultades económicas (propias dunha posguerra e da autarquía), agravadas polo illamento internacional (como consecuencia da ambigua posición que adoptou España durante a II Guerra Mundial), o exilio ó que se viron obrigados moitos españois do bando vencido e a represión contra toda discrepancia. Unha vez producida a victoria aliada en 1945 comezaron os peores tempos para o réxime. Os victoriosos aliados declararon que o réxime español era produto do apoio do Eixe, sendo un sistema dictatorial, e que tiña que ser derrubado por medios pacíficos. O maior golpe para Franco foi a no admisión de España na ONU ó tempo que esta recomendaba ós países membros da organización que rompesen as relacións diplomáticas con Madrid (retirada dos embaixadores).

A oposición ao réxime manifestouse, nesta primeira etapa do franquismo, en tres ámbitos: os exiliados desde o exterior, a resistencia guerrilleira desde o interior e nas forzas políticas que apoian á ditadura (Falanxe e monárquicos):

Os exiliados desde o exterior:

- Resulta difícil coñecer o número de **exiliados** que varían entre 250.000 e 500.000. Unha parte deses exilados marchan a Francia onde serán concentrados en campos de refuxiados no sur do país e vivirán nunhas condicións lamentables ou tiveron problemas coas autoridades francesas cando, tras a ocupación nazi, buscaron a republicanos significativos para entregalos ao réxime de Franco. Un sector deses exilados pasou a formar parte da Resistencia francesa contra a ocupación nazi. Dalgunha forma a Segunda Guerra Mundial servíalles outra ocasión para loitar contra o fascismo.



- Unha parte moi importante da intelectualidade española marchou para México e outros países latinoamericanos, quedando o país descabezado de pensamento. O goberno republicano no exilio acabou por establecerse neste país ata 1977.
- A URSS foi outro país importante de acollida, especialmente para os afiliados do Partido Comunista; destacan sobre todo os *nenos da guerra*, cativos que foron trasladados á URSS durante a Guerra Civil, e no que moitos continuarán ata finais do franquismo.
- Dende o exterior, figuras políticas e intelectuais tentaron manter viva a Segunda República denunciando públicamente o carácter antidemocrático e represivo do sistema franquista, sen moito éxito, sobre todo, porque o contexto internacional da Guerra Fría acabou por favorecer a Franco. Sen embargo, nas primeiras décadas da posguerra o principal problema dos exiliados foi a falta de cohesión e de obxectivos comúns entre eles (diferencias entre os comunistas, socialistas, anarquistas e monárquicos).

No interior do país atopamos:

- Os **maquis**, guerrilleiros pertencentes a grupos ou partidos antifranquistas trasladados ao monte para continuar a loita e derrocar o sistema. Nos primeiros momentos da guerra trátase simplemente de “fuxidos” ou escapados ó monte coa idea e a esperanza de que poderían regresar ó cabo duns días ás súas casas, unha vez que o golpe militar estivera controlado. Pero a evolución dos feitos obrigou a moitos destes fuxidos a converterse en guerrilleiros, organizando unha resistencia que durou ata o inicio da década dos cincuenta. Para eles a guerra non terminara e entregáronse a unha guerra de guerrillas esperando que o final da guerra mundial e a derrota dos fascismos tamén fora o final para o réxime franquista. Moitos destes guerrilleiros pertencían ao partido comunista.

En Galicia a actividade maqui foi moi importante e destacou a figura de Foucellas. En España estiveron moi activos en Asturias, León, Sistema Ibérico e Andalucía. Tamén chegou a producirse un intento de penetración das forzas opositoras polo val de Arán (Lleida), en 1944 que fracasa estrepitosamente. A resistencia dos maquis dura ata os inicios dos 50 tanto pola acción da Garda Civil como pola chegada de novas consignas por parte do partido comunista de abandono da loita armada para concentrarse na oposición política. A isto hai que engadir que o “estado de guerra” mantívose ata 1948, para facilitar a purga de todos os opositores ao réxime. A muller tamén xugou un importante papel na resistencia, non tanto como guerrilleira, senón apoiando na retagarda, pero non por iso con menor perigo, pois as sentencias por colaboración eran tan duras como



as dos guerrilleiros (a importancia dos apoios e colaboración por parte da poboación cara os guerrilleiros foi fundamental).

Entre as forzas políticas que apoian a ditadura franquista tamén haberá oposición:

- Dentro de Falanxe xorden unha serie de membros que critican o afastamento dos principios fascistas que inicia o réxime despois da 2ª guerra mundial; Franco responde apartando aos críticos dos postos de responsabilidade política.
- En segundo lugar están os partidarios da restauración da monarquía borbónica. Desde o exilio (Manifesto de Lausana) Juan de Borbón critica a ditadura fascista e reclama o trono. Franco reacciona aprobando a "Lei de sucesión " de 1947 proclamando a España como un reino e outorgándose o dereito a nomear ao futuro rei.

As forzas de oposición nos anos 50 e 60.

O fin do illamento internacional veu da man do cambio da coxuntura internacional co inicio da Guerra Fría (1947). Franco logrou o recoñecemento internacional do seu réxime, sobre todo a partir de 1953 (Concordato co Vaticano e Pactos cos EEUU). Os cambios políticos viñeron acompañados de cambios na política económica traendo un espectacular crecemento económico nos anos 60. Este desenvolvemento económico diversificou os focos de oposición antifranquista que reclamaba un réxime democrático e criticou a falta de lexitimidade do franquismo.

Esta oposición estaba formada por unha nova clase obreira das novas industrias; unha nova burguesía non relacionada coas orixes do réxime; e unha oposición intelectual, especialmente na Universidade. Tamén xurdiron novos movementos sociais (asociacións de veciños, agrupacións culturais, grupos relixiosos), que entraron na política de oposición máis ou menos aberta ó réxime.

- O aumento do número de estudantes, a súa maior conciencia política, a ausencia de liberdades e as pobres condicións laborais de parte do profesorado, converteron a Universidade nun foco antifranquista. As primeiras manifestacións de protesta nas **Universidades** apareceron a partir de 1956, e baseábanse principalmente en conseguir un sindicato de estudantes democrático que substituíse ao oficial (SEU); pero a resposta do Goberno foi sempre dura: suspensión de clases, expedientes, peche de universidades, profesores apartados das súas cátedras e expedientados. A propaganda do réxime aproveitou a ocasión para denunciar a infiltración comunista na Universidade.



- Unha das pezas máis importante na oposición ao réxime dos anos 50 e 60 foi



o **movemento obreiro**, que promovía folgas para mellorar os salarios e folgas solidarias con compañeiros detidos e sancionados. Neste contexto nace en 1962, na clandestinidade, o sindicato **Comisións Obreiras (CC.OO.)**, onde os seus líderes pretendían chegar aos obreiros con facilidade grazas a estrutura do sindicato vertical, infiltrándose nesta organización para conseguir melloras para a clase obreira, pero tamén para ir concienciando

politicamente aos obreiros. A represión sufrida por líderes, militantes e simpatizantes estimulou a afiliación e a votación nas eleccións sindicais aos representantes dos sindicatos clandestinos. Para controlar a estes líderes e ás masas obreiras, o réxime puxo en práctica todo tipo de medidas represivas destacando a creación, en 1963, do **Tribunal de Orde Pública (TOP)** que vén a substituír aos tribunais militares na represión política, e que procesaría a miles de loitadores antifranquistas.

- Incluso a **Igrexa** mostrouse oposta ao réxime tras os cambios acontecidos no seno interno do clero tras o Concilio do Vaticano II (1959), e denuncia os malos tratos e a falta de liberdades. A Igrexa comeza a tomar distancia respecto do réxime e xurden grupos de católicos de base opostos ao réxime entre a xuventude e o mundo obreiro.
- Nos anos 60 reorganizouse a **oposición política** ó franquismo. Os vellos partidos obreiros, como o PCE e o PSOE, tiveron unha importante actividade clandestina, a pesar da forte represión que sufriron algúns dos seus líderes e o encarceramento de moitos dos seus militantes. En 1962 en Munich, opositores do réxime tanto no interior como no exterior, son invitados ao *Congreso do Movemento Europeo* (asociación de países europeos de carácter democrático) para amosar o apoio desta institución á oposición franquista. Neste congreso pediron ás autoridades europeas que fixeran todo o posible para impedir que España entrara a formar parte da CEE (Comunidade Económica Europea) mentres continuara o réxime de Franco. Este feito foi denominado pola prensa do réxime como o chamado **Contubernio de Munich** entendendo que era un acto de falta de patriotismo prexudicar a España na súa intención de integrarse en Europa. Moitos dos asistentes foron confinados ao seu regreso a España, ou tiveron que exiliarse.
- En 1959 fundouse ETA, forma radicalizada do nacionalismo vasco, que defende a loita armada como medio para conseguir a independencia de Euskadi. As accións terroristas de ETA multiplicáronse rapidamente tras o primeiro asasinato en 1968.

O réximen respondeu publicando a **Lei de represión de bandidaxe e terrorismo** que pasaba á xurisdicción militar os delitos de tipo político.

- Por último hai que mencionar o movemento independentista en Marrocos no contexto internacional do proceso descolonizador.

As forzas de oposición nos anos 70: a oposición interior e a exterior.

Tras a prosperidade económica dos anos 60 (freada pola crise de 1973), a sociedade española mudou o que fixo xurdir unha ansia xeral de cambio e de maiores liberdades. A mellora económica, a globalización cultural, a incorporación da muller ao traballo, etc, fixo que a España real separárase cada vez máis da España oficial. Xorden diferenzas nas filas franquistas entre os sectores máis conservadores (“bunker”) e aqueles que estaban a favor dunha pequena apertura (“aperturistas”). Ademais, o estado de saúde do ditador e as crecentes dificultades políticas e económicas anunciaban a fin do réxime.

O deterioro físico de Franco obrigoulle a designar a Carrero Blanco (militar e home da súa máxima confianza, representante do sector “bunker”) como presidente de Goberno. Pouco tempo despois, Carrero Blanco falece nun atentado de ETA (operación Ogro), afectando emocionalmente a Franco e privando ao réxime da persoa que podería dar continuidade ao Movemento despois do ditador. Carrero foi substituído por Arias Navarro, quen anuncia unha serie de reformas coñecidas como o espírito do 12 de febreiro (maior liberdade de prensa, elección de alcaldes, creación de asociacións políticas, reforma da lei sindical, etc.). Esperanzados polas reformas anunciadas incrementáronse as forzas da oposición, tanto no interior de España como no exterior.

No interior destacan:

- **Grupo Tácito**, una serie de políticos e intelectuais que pretenderon unha transformación do réxime a posicións máis democráticas desde dentro do sistema.
- Aumento das críticas e o distanciamento por parte da Igrexa (a Asemblea Conxunta de Bispos estivo a piques de aprobar unha resolución na que lamentaba o papel da Igrexa durante a guerra).
- A Unión Militar Democrática, organización onde un sector do exército, influenciado pola “Revolución dos caraveis” portuguesa que puxera fin á ditadura en 1974, defendía que a institución militar non debía ser un obstáculo para a democracia.
- As numerosas folgas e protestas de obreiros e universitarios agravadas pola crise económica. A tensión orixinada polas accións dos obreiros levou á declaración do estado de excepción en toda España en varias ocasións. A partir de 1970, a actuación sindical foi cada vez máis significativa e multiplicándose por cinco o número de folgas. Un fito importante desta protesta obreira marcouno o que se chamou os sucesos de Ferrol (en marzo de 1972) cando, como resultado do enfrontamento das forzas da orde pública cunha manifestación de varios milleiros de persoas, resultaron feridos máis de vinte traballadores e dous caeron mortos. As manifestacións de repulsa polos feitos de Ferrol esténdense por toda Galicia e na factoría Citroën de Vigo iniciouse, aos poucos días, una segunda folga que durou

vinte días e mantivo á cidade en tensión. As folgas contribuíron poderosamente ó desprestixio e desgaste do réxime.

- Os atentados terroristas levados a cabo por organizacións como ETA, FRAP e GRAPO. O réxime reacciona aumentando a represión. Como resposta, aumentou a oposición vasca, especialmente tras as sentenzas ditadas no Proceso de Burgos de 1970 contra dazaseis etarras polo asasinato dun policía (penas de morte que logo foron conmutadas debido á presión internacional). Finalmente o goberno aproba unha nova lei antiterrorista que provoca a execución con garrote de Puich Antich en 1974, ou cinco fusilamentos de 1975.

No exterior:

- A principal característica será a unidade dos grupos opositores fronte ao réxime franquista: en 1974 organízase a *Xunta Democrática* en París, promovida polo PCE de Carrillo. En 1975 organízase a *Plataforma de Convergencia Democrática*, organizada polo PSOE que rexurde tras o Congreso de Suresnes, coa figura en ascenso de Felipe González. En 1976, unha vez morto Franco, ambas plataformas converxen na **Plataxunta**, que ten como obxectivo a amnistía dos presos políticos, a convocatoria de Cortes Constituíntes e a liberdade política para España.



- A debilidade do réxime acelerou a descolonización (Marrocos 1968, Guinea 1959).



A Frente Polisaria, creada en 1973, reclamaba a independencia do Sahara. España defendeu un referendo de autodeterminación seguindo as pautas dos procesos de descolonización da ONU. Pero o rei de Marrocos, aproveitando a crise española, levou a cabo unha invasión pacífica e simbólica da zona chamada **Marcha verde**. España reaccionou mal e, por medo a unha guerra, asinou o Acordo de Madrid, entregando o Sáhara Español a Marrocos e a Mauritania. Este acordo non está recoñecido

pola ONU polo que o conflito aínda segue aberto.

É indudable que as forzas de oposición antifranquista tiveron un papel importante como factor de desgaste e erosión na dictadura (xunto a outros de tipo económico e de política exterior), así como de concienciación entre unha poboación en gran medida a favor dun proceso democratizador trala desaparición do xeneral Franco.

20. O FRANQUISMO: POLÍTICA ECONÓMICA.

A política económica durante o franquismo foi evolucionando e, como o propio réxime, adaptándose ás circunstancias internacionais. Poden diferenciarse tres etapas ANOS 40: Autarquía, un longo período de posguerra; ANOS 50, inicios da liberalización; ANOS 60, desarrollismo, crecemento económico espectacular a partir da aplicación das medidas liberalizadoras; e ANOS 70, crise económica (crise do petróleo) e fin do crecemento (fin da ditadura, norte de Franco).

ANOS 40 A autarquía (1939-1950).

A Guerra Civil e a posguerra supuxeron unha interrupción do proceso de modernización económica que estaba a vivir a sociedade española. O retroceso, reflectido nos indicadores económicos, foi tal que ata os anos 50 non se recuperaron os niveis de actividade de mediados dos anos 30. Foron os anos da fame.

Este estancamento debeuse só parcialmente ás destrucións ocasionadas pola guerra. Maior importancia tivo o tipo de política económica seguida polas autoridades franquistas na inmediata posguerra, a cal se definía

por dous trazos: a búsqueda da **autarquía**, coa que se pretendía converter a España nun país economicamente autosuficiente, e o **intervencionismo estatal**, que viña substituír o libre mercado pola intervención do Estado na economía (fortalecemento do proteccionismo da produción nacional fronte á competencia exterior; a fixación dos prezos polas autoridades, substituíndo o mercado pola intervención xeralizada da Administración pública; o ríxido control da iniciativa privada a través dun sistema de licencias e permisos estatais, etc).



Era un modelo directamente inspirado no desenvolvido polos reximes fascistas (Italia e Alemaña) nas décadas de 1930 e 1940. Aínda que tamén pesou o illamento internacional sufrido por España ata finais da década de 1950 (primeiro pola II Guerra Mundial e despois polas sancións da ONU contra a ditadura do xeneral Franco).

Elementos clave desta política foron:

- Na agricultura, retomárase a reforma agraria republicana, pero en favor dos grandes propietarios e terratenentes. Para incrementar a produtividade, explotáranse novas terras dende o **Instituto Nacional de Colonización**. A produción agrícola diminuíra polo atraso técnico ou a mala planificación estatal; non será ata os anos 50 cando se recupere, con plans integrais no mundo rural que

incluiría o desenvolvemento de regadíos, a construción de vivendas ou a extensión da rede eléctrica. Destacarán o Plan Badaxoz (1952) ou o Plan Xaén (1953).

- A creación de empresas públicas. Salienta a nacionalización das empresas ferroviarias (RENFE) e da TELEFÓNICA e a creación do **Instituto Nacional de Industria** (INI, 1941) destinado á promoción de sectores estratéxicos que requirían grandes investimentos (construción naval, siderurxia, enerxía, material de transporte...). A dependencia tecnolóxica do estranxeiro impedía acadar o obxectivo oficial que era reducir as importacións.
- As transaccións comerciais estaban fortemente intervidas polo Estado, regulando calquera transacción comercial co exterior.

Esta política económica conduciu a resultados desastrosos, o que lle impediu a España



aproveitar a coxuntura económica favorable que viviu Europa despois da Guerra mundial. Entre os seus efectos pódense citar o desabastecemento de produtos básicos - que deu lugar aos fenómenos do “estraperlo” e o “mercado negro”-, a redución do consumo privado, a perda de competitividade exterior, a falta de divisas ou un empeoramento das condicións de vida das clases populares ao subir máis os prezos que os salarios. Foron anos de carestía nos que

se establecen as cartillas de racionamento (entre 1939 e 1952), ou o uso do gasóxeno ante a falta de combustible.

ANOS 50. Inicios da liberalización económica (1950-1959)

Foi a conciencia deste fracaso o que levou ás autoridades franquistas a cuestionarse a política económica seguida ata o momento. Nos anos 50 iniciouse a recuperación económica que ten como factor determinante o novo panorama internacional: no contexto da guerra fría o réximen de Franco abandona o illamento internacional. Fírmanse os Pactos de Madrid con USA en 1953 nos que, a cambio de bases militares, chegan importantes cantidades de divisas, materias primas, fontes de enerxía e bens de equipo. O illamento remata co ingreso de España na ONU en 1955.


Fóronse introducindo cambios paulatinos -como a suavización dos controles productivos, a supresión das cartillas de racionamento, a flexibilización dos prezos, unha maior apertura económica ao exterior... - que lograron mellorar os índices productivos. Nestas datas, por exemplo, créase a



SEAT (Sociedade Española de Automóviles de Turismo), ou a empresa catalana Autonacional S.A., quen crea o famoso biscuter, todo un símbolo da melloría económica: un coche barato ao que poden acceder as clases medias. Os cambios culminan en 1957 coa remodelación do goberno, retirando aos ministros fascistas polos **tecnócratas**, técnicos formados en economía e leis, moitos membros do Opus Dei, que fomentarán o final progresivo da autarquía, abríndose a investimentos estranxeiros e liberalizando o sistema con medidas que culminaron en 1959.

ANOS 60. Desenvolvemento económico (1959-1973).

A finais dos anos 1950 estaba claro o esgotamento do modelo autárquico e, ademais, coa progresiva incorporación de España ó concerto internacional, (ese mesmo ano de 1962, España pediu abrir negociacións para unha posible entrada na C.E.E.) era urxente cambiar a política económica da dictadura. O panorama económico era tan grave que, incluso, potenciou as primeiras protestas obreiras dende o final da guerra.



O xiro radical veu co chamado **Plan de Estabilización de 1959**, que foi un programa de reformas realizado por un equipo de ministros e de altos cargos técnicos (os denominados tecnócratas) que contou co apoio do Fondo Monetario Internacional (FMI). O seu obxectivo era abandonar o modelo autárquico e intervencionista para establecer un modelo baseado na liberalización económica, máis acorde coa economía capitalista occidental. As novas medidas darían bos resultados, cun crecemento económico moitas veces espectacular.

O plan chegaba no momento de máxima dificultade da economía franquista (fortísimo desequilibrio da balanza de pagos e elevado déficit público, cun país ó borde da bancarrota) destacando como principais medidas a liberalización dos prezos, supresión do intervencionismo estatal e establecemento da libre competencia e a mellora e rendemento do sistema fiscal.


Este programa completouse coa posta en marcha de Plans de Desenvolvemento cuatrienais (1964-74) que pretendían estimular a iniciativa privada naqueles sectores considerados de maior interese, e creaban unha serie de **“Polos de Desenvolvemento”** cos que se intentaría, con escaso éxito, reducir os desequilibrios económicos rexionais.

A financiación do “desarrolismo” veu da man dos investimentos estranxeiros e da emigración masiva, xa que 1,3 millóns de españois (o 10% da poboación activa) marchou a traballar ós países máis industrializados de Europa. As remesas enviadas a España foron fundamentais para equilibrar o déficit da balanza comercial, ó tempo que a taxa de desemprego en España reducírase notablemente. A terceira fonte de financiamento do “milagre español” foi o turismo, cun aumento espectacular de visitantes (de 1960 a 1973, o número de turistas multiplicouse por máis de seis, convertíndose o turismo na “primeira industria española”).

Os resultados foron espectaculares. España presentou, entre 1959 e 1966, unha taxa de crecemento anual do PIB superior á de calquer país europeo e incorporouse ao grupo dos países industrializados (entre 1960 e 1975 a porcentaxe de poboación activa ocupada no sector primario descendeu do 42% ao 21%, acadando o sector secundario e o terciario o 38% e o 41%, respectivamente). A Renda Nacional e a Renda per Cápita aproximáronse aos valores europeos, o que se traducíu nun incremento notable do consumo privado e do nivel de vida da poboación. O réxime falaba do “milagre español”.

Por último, hai que ter en conta que o “desarrollismo” tivo outro tipo de consecuencias sociais e demográficas, como a aparición dunha auténtica sociedade de consumo española, simbolizada polo popular utilitario Seat 600 e o fortalecemento e expansión das clases medias; a xeralización do éxodo rural, animado polo crecemento económico das zonas industriais, aumentando a poboación activa nos sectores secundario e terciario a costa do primario; o forte incremento da taxa de natalidade (“baby boom”); e aspectos francamente negativos como o impacto medioambiental, a especulación do chan, a falta de control sobre o urbanismo, etc.

Tamén hai que ter en conta que o enorme crecemento económico repercutiu nun cambio sustancial na sociedade tradicional española (mellora do nivel de vida e dunha mentalidade máis aberta). A elo tamén contribuíu a extensión da educación, en todos os seus niveis, a un número cada vez maior de estudantes -os fillos dos traballadores comezaron a chegar á Universidade- e a redución drástica do analfabetismo. Todos estes cambios non se corresponderon con cambios políticos. Isto, evidentemente, provocaría un aumento da oposición antifranquista e de parte da sociedade, reclamando maiores cotas de liberdade e a apertura do réxime, para equipararse ó resto de Europa.



ANOS 70. A crise económica de 1973.

Os últimos anos do franquismo foron os máis axitados. A prosperidade económica dos anos sesenta vese interrompida pola irrupción en España da crise do petróleo do ano 1973 (a OPEP decide subir o prezo do petróleo). Os países occidentais máis industrializados reduciron o consumo de petróleo e iniciaron un proceso de reconversión industrial. Pero o Estado franquista non adoptou ningún tipo de medidas e a crise sacou a luz os defectos estruturais do desenvolvemento económico dos anos sesenta: a dependencia tecnolóxica do estranxeiro, o elevado endebedamento das empresas públicas, a necesidade de reconverter a industria, o aumento do paro, etc. O “milagre español” remataba.

21. A TRANSICIÓN E A CONSOLIDACIÓN DA DEMOCRACIA

A TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA 1975-1978

Entre 1975 -morte de Franco- e 1978 –aprobación da Constitución- transcorreu a etapa denominada transición democrática, que presenta os seguintes trazos:

- *Foi un proceso graduado no tempo, onde os principais responsables políticos organizaron, por prioridades, as tarefas básicas.*
- *Estivo baseado nun equilibrio entre a reforma e a ruptura que permitiu a desaparición, desde a legalidade, das institucións franquistas sin ter que recorrer á ruptura revolucionaria.*
- *Foi posible grazas ao consenso baseado en acordos entre as forzas políticas. Este consenso fixo posible que a transición se realizase en paz e orde, valores únicamente alterados pola actividade de grupos extremistas que recorreron á acción terrorista coa intención de alterar o proceso.*
- *Os cambios acordados polas forzas políticas foron lexitimados mediante a consulta popular: referendo da Ley da Reforma Política, eleccións de 1977, referendo da Constitución de 1978.*

Grazas a este proceso pactado, España quedou configurada, desde 1978, como un Estado social e democrático de Dereito, que adopta a forma política da monarquía parlamentaria baseada na soberanía nacional, a liberdade, o pluralismo ideolóxico e a convivencia democrática.


Os últimos anos do franquismo foron os máis axitados. Os tímidos cambios introducidos non puideron ocultar a incapacidade do réxime para se adaptar ás profundas transformacións socio-económicas e culturais que experimentara España desde os comezos dos anos 60. Pola súa parte, a oposición política incrementara os seus apoios en base ás novas realidades sociais emerxentes: a expansión dunha clase obreira que reclamaba liberdade sindical e dereito á folga, a chegada á Universidade de xoves procedentes das capas populares, a insatisfacción en medios intelectuais ante os pechados horizontes culturais do réxime... Estaba claro que o franquismo se ía atopar con serias dificultades para sobrevivir a Franco.

O ano 1973 resultou especialmente grave para Franco e o seu réxime pola crise do petróleo e a morte de Carrero:

A crise de petróleo comezou pola suba dos prezos do petróleo decretada pola OPEP a raíz da guerra árabe-israelí. En España os efectos da crise (inflación, paro...) foron especialmente fortes xa que o goberno de Franco non adoptou ningún tipo de medida para resolvela. A crise provocou un espectacular crecemento da conflitividade social e, a pesar de estaren prohibidas, o número de folgas creceu exponencialmente.

En 1973, Franco renuncia á xefatura de goberno función que asumiu o almirante Luis Carrero Blanco. A chegada de Carrero supón un freo a calquera posible avance democratizador. Trátase dun militar da “vella garda” (fora Xefe de Operacións da Armada durante a Guerra Civil), amigo persoal de Franco, que suporía a continuidade do réxime tras a morte de Franco. Poucos meses despois do seu nomeamento, en decembro de

1973, será asasinado por ETA na denominada *Operación Ogro*. Este magnicidio afectará profundamente a Franco e ao sistema franquista; o réxime quédase sen o futuro sucesor.



Carrero será substituído por Arias Navarro, cun pasado político pouco destacado, quen en febreiro de 1974 pronunciou un discurso de ton aperturista nas Cortes (o “espírito do 12 de Febreiro”). Nel prometía unha liberalización que ax íña habería de mostrar as súas limitacións e a incapacidade do sistema para se democratizar mantendo o esencial das súas estruturas.

O novo goberno atopouse cunha contestación desde todas as bandas, manifestándose así as tres alternativas políticas de futuro: a inmovilista, a aperturista e a rupturista:

- Inmovilismo: defendido polos sectores do réxime opostos a calquera cambio político (“búnker”).
- A ruptura democrática: defendida polas plataformas da oposición democrática moi activa nos últimos anos do franquismo. Propugnaba a superación do franquismo mediante a mobilización popular, a constitución dun Goberno provisional integrado polas forzas opositoras e a convocatoria de eleccións libres e dun referendo sobre a forma de Estado.
- A aperturista ou reformista: propugnada polos sectores do propio franquismo que pretendían proceder desde dentro a unha reforma das súas institucións nun sentido democrático.



Porén, dende un primeiro momento, as presións dos sectores máis inmovilistas do réxime (denominado *o bunker*), frustan as tentativas liberalizadoras. Deste xeito, o goberno de Arias Navarro caracterízase polo inmovilismo e a continuidade.

As cousas agraváronse ao longo de 1974 e 1975 co empeoramento do estado de saúde do dictador. Pola súa parte, a oposición acentuou a súa ofensiva e creáronse plataformas unitarias que agrupaban aos distintos sectores que a conformaban (como a **Xunta Democrática**, aglutinada ao redor do PCE, e a **Plataforma Democrática**, ao redor do PSOE) e propoñían a ruptura democrática co réxime. O Goberno respondeu coa aprobación dunha “Lei Anti-terrorista”, que tivo como consecuencia inmediata a execución de cinco activistas de ETA e o FRAP (*Frente Revolucionario antifascista y Patriótico*) en

setembro de 1975, desatando toda unha vaga de protestas e mobilizacións internacionais.

Por último, outro motivo de preocupación constituíuno o conflito do Sahara, no que España cedeu ás presións de Marrocos (Marcha Verde) e, apoiado por USA, entregou o territorio do Sahara español a Marrocos e Mauritania para o seu reparto, incumprindo coa promesa de permitir un referendo de autodeterminación no territorio.

A fin do réxime estaba perto. Só faltaba a morte de Franco, afectado pola enfermidade de Parkinson desde 1965. A revolución dos caraveis en Portugal (abril 1974) e a caída do réxime dos coroneis en Grecia (xullo 1974) deixaba a Franco como o último ditador de Europa Occidental. O 17 de outubro de 1975 sofre un infarto e nas semanas seguintes presentáronse todo tipo de complicacións que lle ocasionaron unha longa e terrible agonía, morrendo o 20 de novembro de 1975. A súa morte abriu un proceso que en poucos anos ía conducir ao desmantelamento completo da dictadura a pesar de que él pensou que deixaba todo *“atado y bien atado”*.

Os inicios da Transición, o franquismo sin Franco: 1975-1977.

Entendemos como a Transición Española o período que vai dende 1975 a 1978, entre a morte de Franco e a aprobación da nova Constitución, e que supón o desmantelamento do franquismo para pasar a un réxime democrático.

O 20 de novembro de 1975, e seguindo as disposicións establecidas por Franco, puxéronse en marcha os mecanismos legais para garantir a continuidade do réxime. O día 22 Xoán Carlos I é proclamado rei ante o pleno das Cortes, momentos despois pronuncia o seu primeiro discurso oficial: con lembranzas a memoria de Franco e algunhas referencias tenues de renovación.

Xoán Carlos inicia o seu reinado tomando as primeiras decisión: mantivo como presidente do goberno a Carlos Arias Navarro e nomeou como presidente das Cortes a Torcuato Fernández Miranda, persoa da súa máxima confianza.

O goberno de Arias Navarro integra a algúns ministros reformistas, pero desenvolveu una política continuista de aperturismo limitado, o que non satisfai nin á oposición democrática nin aos sectores máis inmovilistas do franquismo (búnker). Prodúcese ademais graves problemas de orde pública: aumento da conflictividade social e do número de folgas polo impacto da crise económica. As xornadas máis tráxicas aconteceron en Vitoria onde una asemblea obreira foi reprimida pola policía, resultando 5 mortos e centos de feridos.

A oposición democrática mantén o seu programa rupturista co sistema franquista e se fusionan na **Coordinación Democrática** que, a finais de marzo de 1976, redactou un programa asumido pola maioría dos grupos políticos e sindicais.

En Xuño de 1976 o rei viaxa a EE.UU. onde fai unha declaración de propósitos democráticos ante o Congreso americano. Tamén crítica ao presidente Arias nunha

entrevista na revista Newsweek. Ante esta situación e presionado desde diversos sectores, Arias Navarro presenta a dimisión o 1 de xullo de 1976.

Adolfo Suarez e o inicio das reformas



Ante a sorpresa xeral, en xullo do 76 o rei elixe a Adolfo Suárez para substituír a Arias. Suárez era un político procedente do Movemento, fora director de TVE e Ministro polo que foi recibido con desconfianza pola oposición. O obxectivo principal de Adolfo Suárez foi poñer en marcha un proceso de cambio, dende as Leis Fundamentais franquistas cara un réxime totalmente democrático (“da Lei á Lei”). O novo goberno, tomaría ademais distintas medidas para asegurarlle aos cidadáns que o cambio ía en serio: amnistía política, ampliación das liberdades de expresión, proxecto para a legalización de partidos e sindicatos, diálogo cos principais partidos políticos e sindicatos, e promesa dunha futuras eleccións democráticas. Así mesmo suprimiu o Tribunal de Orde Pública (TOP) e dissolveu o movemento nacional.

A Lei para a Reforma Política (LRP)

Torcuato Fernández Miranda elabora un proxecto de lei que será o instrumento legal para articular a transición coa idea de chegar á democracia desde a legalidade vixente (da lei á lei). É a **Lei para a Reforma Política (LRP)**. En setembro de 1976, Suárez reuniu á cúpula militar e logrou que aprobase o seu proxecto sempre e cando non se legalizase o Partido Comunista. O proxecto foi enviado as Cortes franquistas e aprobado despois de tensos debates en novembro de 1976: as Cortes votaro a súa autodisolución (Cortes “harakiri”). Iniciábase así a disolución do franquismo.



Só faltaba que a LRP fora aprobada en referendo, que se celebrou en decembro de 1976. Os resultados mostraban claramente a vitoria do proxecto reformista cun 77,4% de participación e un 94,2% de votos afirmativos.

Estas medidas provocaron a reacción da ultradereita e da ultrasquerda que non aceptan os cambios. O punto máis grave sucede a finais de xaneiro de 1977 cando grupos da ultradereita asasinaron a varios estudantes e protagonizaron a masacre contra un bufete

de abogados laboristas vinculados ao PCE (matanza de Atocha). Ao mesmo tempo, o grupo terrorista de ultraesquerda GRAPO cometían varios asasinatos de policías e gardas civís. O conxunto destas accións crearon gran tensión no estamento militar que favorecía e alentaba o golpeismo. Un exemplo deste ambiente foi o fracaso da Operación Galaxia, un intento de golpe de Estado no que estiveron implicados militares e gardas civís.

En xuño de 1977 terán lugar as primeiras eleccións democráticas ao Congreso dos Deputados, despois de que se legalizara o PCE en Semana Santa de 1977. Este foi un dos principais escollos para Suárez. Prometera ao exército que non legalizaría aos comunistas, pero o compromiso de Carrillo de aceptar a monarquía constitucional, a bandeira bicolor e a unidade de España fixo que finalmente legalizara o partido.


Nestas eleccións de 1977 Suárez formará a UCD (Unión de Centro Democrático), que agrupaba liberais, demócrata-cristianos, socialdemócratas, e que resultará vencedora. O seguinte paso para a desaparición definitiva do franquismo será a elaboración dunha nova Constitución, a de 1978.

Primeiras eleccións democráticas e Constitución de 1978.

As eleccións teñen lugar en xuño de 1977, e concurren 78 partidos políticos, que serán elixidos mediante a Lei D'Hont. Coa finalidade de obter mellores resultados, moitos grupos políticos agrúpanse segundo as súas afinidades ideolóxicas. As principais candidaturas son:

- Unión de Centro Democrático (UCD), de Suárez, coalición de centro (liberais, socialdemócratas, demócratacristiáns)
- Partido Comunista de España (PCE), de Santiago Carrillo.
- Partido Socialista Obrero Español (PSOE), de Felipe González.
- Alianza Popular (AP) de Manuel Fraga que aglutinou a forzas de dereita.

Participa o 78% do censo electoral, unha cifra moi alta. O partido máis votado será a UCD, seguido do PSOE. O PCE, pese a obter 20 escaños, **será a gran** derrotada, xa que o partido levou gran parte do peso da loita antifranquista, e nestas primeiras eleccións libres agardaban mellores resultados. AP, o xerme do actual PP, foi a cuarta forza política. Deste xeito, a UCD gobernará en minoría. Hai que mencionar tamén os bos resultados dos nacionalismos vasco (PNV) e catalán (PDC). Nin a extrema dereita nin a extrema esquerda lograron escano, tampouco os nacionalistas galegos.



Constitución de 1978

As Cortes elixidas o 15 de xuño de 1977 non tiñan formalmente o carácter de cortes constituíntes, pero impúxose a opinión de que a súa primeira tarefa debía ser a elaboración dunha Constitución democrática.

A Constitución foi fruto do consenso entre as principais forzas políticas representadas no Parlamento. A súa elaboración foi un proceso longo e laborioso, no que se buscaba que saíse aprobada por unha ampla maioría das forzas democráticas. Os dous principais temas de conflito foron aceptación da **Monarquía**, por parte dos partidos de esquerdas e o encaixe das **nacionalidades** históricas, fronte á unidade nacional defendida polos partidos de dereitas.

Para a súa redacción elixiuse unha comisión formada por deputados dos grupos maioritarios das Cortes. Estivo integrada por sete membros. Estes redactores do novo texto constitucional pasarán á historia co nome dos **pais da Constitución de 1978**.

O texto recibiu a aprobación das Cámaras o 31 de outubro de 1978, coa abstención da minoría nacionalista vasca (que fora excluída da comisión que o elaborara). O pobo español aprobouna no referendo do 6 decembro de 1978.

2. LA CONSTITUCIÓN DE 1978



1. Gabriel Cisneros (UCD)
2. José Pedro Pérez Llorca (UCD)
3. Miguel Herrero de Miñón (UCD)
4. Miguel Roca (Minoría catalana y PNV)
5. Manuel Fraga (AP)
6. Gregorio Peces Barba (PSOE)
7. Jordi Solé Turá (PCE)

Os poderes do Estado son:

- As Cortes: formadas polo Congreso dos Deputados (350) e o Senado (4 por provincia), representan ao pobo español, exercen o poder lexislativo e son elexidos por sufraxio universal por un período de 4 anos.
- Goberno, formado polo presidente/a e os ministros/as nomeados por el/a, exerce o poder o executivo, e conduce a política interior e exterior.
- O poder xudicial, está en mans dos xuíces/as e dos tribunais de xustiza. Os cidadáns poden participar na administración de xustiza a través do xurado.
- O rei é o xefe do Estado e o xefe das Forzas Armadas. As súas funcións son representativas e cerimoniais. Segundo a Constitución, a figura do rei é "irresponsable", non está suxeita a responsabilidade (política), tendo que ser refrendado calquera dos seus actos políticos polo Presidente do Goberno ou o Presidente do Congreso.
- Recoñecemento das peculiaridades rexionais e do dereito de autonomía. A constitución establece un novo modelo de Estado: o Estado das Autonomías, unha forma mixta entre o Estado unitario e o federal, con 17 CCAA e 2 cidades autónomas. A partir da aprobación da Constitución configurouse o mapa definitivo das autonomías, extendéndose a todo o territorio español entre Decembro de 1979 e Febreiro de 1983 (so ficarían para 1995 Ceuta e Melilla). Integrárono, ademais das tres "comunidades históricas", rexións cunha forte personalidade propia (p.e. Andalucía), territorios uniprovinciais con raizame histórica (Asturias, Navarra) ou sen ela (Murcia, Madrid, Cantabria, a Rioxa). Todos eles se dotaron dos seus correspondentes órganos de goberno, con diverso grao de competencias segundo os casos.


Da Constitución de 1978 podemos destacar as seguintes características:

- España será un **Estado democrático e social de dereito**, organizado como monarquía parlamentaria, na que a Coroa ten basicamente funcións representativas e na que o exército queda sometido ao poder civil. **Democrático** porque recoñece a soberanía popular, a participación política dos cidadáns e a subordinacións de todos os poderes á Constitución e á vontade popular. **Social** porque recoñece que a acción dos poderes públicos deben facilitar o benestar da poboación en aspectos tales como educación, sanidade, vivenda, traballo, etc.
- **Separación da Igrexa e Estado**, aínda que os poderes públicos deberían ter en conta a relixiosidade dos españois e manter relacións de colaboración coa Igrexa católica.

- Ampla declaración de dereitos fundamentais e liberdades civís e políticas que inclúen o dereito á folga e á libre sindicación; aboliu a pena de morte e facilitou a legalización do divorcio.
- O exército aparece mencionado no título preliminar, asignándosele a misión de “*garantir a soberanía e independencia de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento constitucional*”.

En resumo, a **Constitución ten un carácter progresista**, aínda que presenta certa ambigüidade e eclecticismo, produto do consenso, que permite que o seu desenvolvemento lexislativo fora asumido tanto pola esquerda como pola dereita democrática.

E temos que rematar aludindo á súa rixidez e dificultade para a súa reforma pois esixe unha votación favorable dos 3/5 das ambas Cámaras e a ratificación popular en referendo.




A consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOEA

As vitorias electorais de UCD en xuño de 1977 e en marzo de 1979, permitiron gobernar ao partido liderado por Adolfo Suárez, presidente do goberno ata 1981. Sucedeulle Leopoldo Calvo Sotelo ata a derrota electoral de 1982.

Adolfo Suárez desenvolveu un programa de goberno centrado na democratización da vida política. As principais medidas postas en práctica foron:

- Os **Pactos da Moncloa** (1977): un acordo asinado en outubro de 1977 polos axentes sociais (partidos políticos, sindicatos, organización empresariais) no que se comprometían a establecer una estratexia común para lograr a estabilidade do país mediante a consolidación da democracia, a redución da conflictividade social e a adopción de medidas para abordar a crise económica que se viña arrastrando desde 1973. Así, os pactos tiñan dous grandes obxectivos:
 - Reforma e modernización da economía, reducindo a inflación, ampliando o seguro de desemprego, creando o INEM, ou reformando a Seguridade Social.
 - Avanzar nas reformas políticas, garantindo a liberdade de expresión ou reunión, regulando os medios de comunicación ou reorganizando as forzas e corpos de seguridade do Estado.



- Inicio do proceso autonómico. Suarez inicia os primeiros pasos co fin de recoñecer ás autonomías. As primeiras serán Euskadi, Cataluña e Galicia.
- Os inicios da reforma fiscal, coa introdución dun novo sistema impositivo para as persoas físicas e o seu patrimonio (IRPF).
- A reforma do exército e da lexislación militar para adaptalo ao novo marco constitucional, aumentando o orzamento o que permitiu modernizalo.
- A proxección exterior, reiniciando as xestións para lograr a entrada de España na CEE, e firmando co Vaticano novos acordos adecuados á constitución.

Pero pronto comenzan as dificultades para Suarez. A UCD é unha coalición de partidos de centro-dereita, con varias tendencias ideolóxicas que non foi capaz de superar as diferenzas entre as distintas correntes nin os personalismos. Inicialmente, a figura de

Adolfo Suárez logrou o liderado da coalición, pero as tensións internas acabaron por atomizala ata facela desaparecer poucos anos máis tarde (1983).

O PSOE, principal partido da oposición, presenta unha moción de censura contra Suárez en 1980. Fracasa por falta de apoios, pero supón que a figura de Suárez se erosione notablemente, mentres que aumenta a popularidade de Felipe González.

Ante a fragmentación da UCD e a súa soidade no partido, a presión dos militares e banqueiros e a falta de apoio do monarca, Suárez presentou a súa dimisión en xaneiro de 1981. Un dos seus ministros Leopoldo Calvo Sotelo é proposto como sucesor. Por non contar UCD con maioría parlamentaria absoluta, non foi elixido na primeira votación e cando, o 23 de febreiro de 1981, estaba a celebrarse a segunda volta tivo lugar o máis grave dos problemas da nova democracia española: o intento de golpe de Estado do 23 F.

O tenente coronel Tejero (que xa participara no intento golpista abortado da *Operación Galaxia* de novembro de 1978), con 400 gardas civís, asalta o Congreso e anuncia que chegará en breve tempo unha “*autoridade superior*” que se fará cargo da situación, e mantendo como reféns ao Goberno e a os parlamentarios. Os españois puideron seguir a escena grazas a unha cámara de televisión que continuou emitindo, pese as advertencias dos golpistas. Seguindo o plan previsto, o capitán xeneral de Valencia, Miláns del Boch, saca os tanques ás rúas en Valencia



e decreta o estado de excepción. Porén, ningún xefe do exército máis secunda o golpe de estado. A actuación do rei foi a clave na resolución do conflito: púxose en contacto telefónico cos xefes militares explicando a súa posición e esixindo a súa lealdade; convocou a Xunta de Xefes de Estado Maior e gravou unha mensaxe que se emitiu por televisión na madrugada do día 24. Tras a mensaxe do rei, a situación quedou controlada. Os tanques de Valencia regresaron aos cuarteis e Tejero rendeu. Nos días seguintes tiveron lugar en toda España multitudinarias manifestacións populares de apoio á democracia.

Logo dos tensos momentos vividos, o proxecto de UCD durará ata outubro de 1982; baixo o goberno de Calvo Sotelo, haberá dúas accións fundamentais:

- Actividade legislativa: Lei do Divorcio, Lei do defensor do pobo, varios Estatutos de Autonomía.

- Entrada de España na OTAN: Calvo Sotelo toma unha decisión polémica coa entrada de España na OTAN. O PSOE utilizará este feito como eixo da súa campaña electoral de acoso ao goberno.

Ante o incremento da oposición, as dificultades internas da UCD, e os problemas económicos do país, Calvo Sotelo dissolve as Cortes e convoca eleccións para outubro de 1982. Estas eleccións xerais dan a maioría absoluta o PSOE (48%), e marcan o afundimento da UCD e do PCE. A UCD convértese nun partido minoritario. Comezará deste xeito a etapa do PSOE, dende 1982 a 1996.

Os Gobernos socialistas de Felipe González. 1982-1996.

O triunfo en catro eleccións xerais consecutivas permitiron ao PSOE gobernar entre 1982 e 1996 e ao seu secretario xeral, Felipe González, ocupar a presidencia do Goberno. Os éxitos electorais permitiron ao PSOE gobernar en solitario entre 1982 a 1993 e co apoio parlamentario de nacionalistas cataláns e vascos entre 1993 e 1996. O gobernos socialistas caracterizáronse pola moderación política na liña da socialdemocracia europea.

Integración de España na política internacional.

Os gobernos socialistas consolidaron definitivamente a presenza de España nos organismos internacionais. O ano 1986 resultou especialmente significativo: España entrou a formar parte da Comunidade Económica Europea e ratificouse a permanencia na OTAN.

- **España e a CEE.** En 1979, restablecida a democracia, reiniciáronse as negociacións para que España se incorporase á organización europea. O proceso foi lento e complexo, especialmente pola oposición de Francia (temerosa da competencia española na cuestión agrícola), ata concluír na sinatura do Tratado de Adhesión de España ás Comunidades Europeas en xuño de 1985 e a entrada de España como membro de pleno dereito a partir do 1 de xaneiro de 1986. Grazas aos fondos de desenvolvemento aportados pola Comunidade, España mellora infraestruturas e o tecido empresarial. Pero, pola contra, a entrada na CEE supón que o país ten que facer axustes, sobre todo no sector pesqueiro e agropecuario (haberá unhas cuotas de produción de pesca, froita, viño, aceite, leite, etc, que obrigatoriamente haberá que cumprir).
- Pese a que co goberno de Calvo Sotelo España xa entrara na **OTAN**, o PSOE prometerá, na campaña electoral, a retirada da organización. Unha vez no poder, a postura do partido cambia: dun non rotundo, á celebración dun referendo no que o PSOE pide o sí. Este referendo ten lugar en marzo de 1986, e o sí triunfa cun 52% dos votos. En todo caso, España non permitirá o uso de armas nucleares no seu territorio, e negociará a diminución das tropas americanas en España.

Dentro do papel de España na política internacional, tamén debemos aludir á participación do novo exército español en misións da ONU ou do Euroexército (Eurokorps). A modernización das Forzas Armadas, se completou regulando a obxección de conciencia en relación co servizo militar e coa entrada da muller no exército.



O Estado do Benestar.

Durante a etapa dos gobernos socialistas consolidáronse en España os hábitos democráticos establecidos na Constitución (os dereitos e liberdades, a participación cidadá na vida pública, a igualdade entre sexos, a mellora do sistema fiscal...). Paralelamente, aumentaron considerablemente os orzamentos dedicados a gasto social que contribuíron á consolidación do Estado de benestar con medidas como:

- Prestacións sociais: a asistencia sanitaria será para toda a cidadanía, revalorizaranse as pensións segundo o índice do IPC, e establécense as pensións non contributivas (para persoas que non cotizaron por falta de recursos).
- Universalización e democratización da educación: con reformas que afectaron a todos os niveles, dende a universidade (maior autonomía) como o ensino primario e secundario que será universal e gratuito, e se amplía a idade obrigatoria de escolarización (de 14 a 16 anos) para adaptalo ao marco europeo.
- Reforma dos códigos legais: garantízanse os dereitos individuais mediante, se despenaliza o aborto en varios supostos, ou se aproba un novo Código Penal con novos tipos de delitos (agresións contra o medio ambiente, branqueo de diñeiro...); ao meso tempo se matizaba a filosofía das penas (reeducación e rehabilitación das persoas encarceradas).



Axuste e reactivación económica.

Os socialistas levaron a cabo importantes transformacións que permitiron alcanzar niveis de desenvolvemento próximos aos dos países da Europa occidental. Esta recuperación do tempo perdido non se fixo sen dificultades destacando a **Reconversión Industrial** (que afecta sobre todo ao sector naval, mineiro e siderúrxico), que supón o peche de empresas, redución drástica da produción e enormes taxas de paro. Afecta sobre todo a Ferrol ou Asturias onde se produciron numerosas folgas e manifestacións de protesta. Desta época é tamén a nacionalización do holding RUMASA, para evitar a súa quebra e que desestabilizase o sector financeiro español. Pero os socialistas souberon aproveitar os bos momentos da conxuntura alcista mundial. Deste modo, ós axustes económicos dos primeiros anos, sucedeu un período de expansión que se prolongou ata o inicio da década dos noventa que favoreceu numerosos cambios económicos, sociais e culturais.

Nos anos 90, coa sinatura do tratado de Maastrich en 1992, España ten que facer unha serie de reformas para alcanzar os obxectivos marcados pola Unión Europea que permitisen adoptar a moeda única. Iníciáanse medidas liberalizadoras que facilitan a mellora da economía e a renovación das estruturas productivas. Destaca a privatización de empresas públicas como Telefónica, Endesa ou Repsol. Os importantes ingresos destas vendas reduciron considerablemente o déficit público, ao tempo que estas grandes empresas públicas realizaban una forte expansión interna e internacional. Nestas datas tamén se reforma o mercado laboral: maior flexibilidade de despedidos e creación das ETTs.

Cambios socioculturais.

Durante a etapa socialista, España se moderniza, reducíndose a diferenza cos países europeos. Isto se pode apreciar nas variables demográficas: descenden o número de matrimonios, o número de fillos por muller, regresan emigrantes retornados, etc. Deste modo, a sociedade española de mediados dos anos 90 era máis igualitaria, máis plural, máis laica, mellor preparada profesionalmente, na que avanza a incorporación da muller ao mundo laboral. No entanto, aínda se mantiñan valores tradicionais, especialmente a consideración da familia como cédula de organización social que actúa solidariamente ante as dificultades dos seus membros.

O aumento dos investimentos públicos ás actividades culturais (exposicións, cine, construción de auditorios, museos, premios...) contribuíron a desenvolver hábitos culturais. No ano 1992 tiveron lugar dous importantes acontecementos de carácter cultural: a conmemoración do 500 aniversario do descubrimento de América coa Exposición de Sevilla, a celebración en Barcelona dos Xogos Olímpicos.

Escándalos e desprestixio do goberno socialista.

As maiorías absolutas e a escasa oposición política permitían una alta estabilidade nos gobernos, pero tamén una considerable redución da vida parlamentaria. Nos anos 90 comezarán os problemas e os escándalos políticos para o goberno de González, como por exemplo:

- Corrupción de cargos políticos nomeados por Felipe González (información privilegiada, malversación de fondos públicos). Destaca o caso de Luis Roldán, director xeral da Garda Civil, acusado de malversación de cartos públicos.
- Financiamento dos partidos políticos que en España depende dos fondos públicos, estando limitadas as achegas privadas, pero está escasamente regulada e dá lugar a situacións nas que se pode rozar a ilegalidade. Este é o caso de FILESA, trama de empresas que recaudaban comisións ilegais para financiar campañas do PSOE.
- Terrorismo de Estado. Protagonizado polos GAL (Grupos Antiterroristas de Liberación), que que actuaron entre 1983 e 1987 con atentados contra ETA e os seus simpatizantes. Foi creado e financiado por altos cargos políticos do goberno do PSOE (o ministro do Interior foi encarcelado). Mataron ou feriron a case 60 persoas, algúns deles que non tiñan nada que ver con ETA.



Ante esta situación, a oposición intensifica as súas críticas; os nacionalistas cataláns retiran o apoio a González, e este convocará eleccións adiantas en 1996. Estas novas eleccións as gañará o PP de Aznar, que presidirá o país ata 2004.

22. A SITUACIÓN DA MULLER NO S. XX

O século XX foi un período no que a vida das mulleres españolas pasou por diferentes etapas, con momentos nos que as súas reclamacións de participación política foron escoitadas (durante a Segunda República) e outros de verdadeiro retroceso nos que volveu ao papel pasivo e de subordinación ao varón (durante o franquismo) para acabar o século nun proceso imparable de revolución feminista que vai transformar a sociedade española. **A historia da muller española no século XX marca a evolución da sociedade española e convertese no auténtico motor da loita polos dereitos e a igualdade de xénero.**

Ao comezo do século, a muller española estaba sometida nunha **sociedade profundamente patriarcal**, relegada ao ámbito doméstico, cunha participación limitada na vida pública. O acceso á educación para as mulleres era limitado e, en moitos casos, centrado en ensinanzas consideradas adecuadas para o seu suposto papel no fogar.

A súa participación no ámbito laboral estaba circunscrita a traballos mal remunerados, era a man de obra máis barata, e carecía de recoñecemento. A comezos do século apareceron unhas normas que regulaban o traballo das mulleres (**Real Decreto sobre o Traballo das Mulleres e dos Menores" de 1900**) ao considerar a necesidade de protexelas das duras condicións do traballo industrial para poder garantir as mellores condicións para a procreación e para o coidado da familia, pero sen descoidar a vantaxe competitiva que ten o seu concurso na produción industrial toda vez que está peor pagada. Detrás dese discurso paternalista do Estado sobre a protección da muller está a ocultarse que o sistema require dela un dobre traballo: na casa e na fábrica.

Dende finais do século XIX e no primeiro terzo do XX, foron moitas as iniciativas das mulleres para asociarse e conseguir avances e melloras en todos os ámbitos onde estaban discriminadas. Xa no 1870, creárase a **Asociación para la Enseñanza de la Mujer** (coa colaboración de **Concepción Arenal**, xornalista e experta en dereito, e considerada pioneira do feminismo español).

En 1918, se funda a **ANME** (Asociación Nacional de Mulleres Españolas), co fin e loitar polo sufraxio feminino, a educación e un traballo digno. Nesa década tamén xurdiran diferentes entidades en defensa dos dereitos das mulleres dirixidas por unha élite feminina intelectual e moi presente na opinión pública, estas asociacións estaban ligadas a **Institución Libre de Enseñanza**, formándose nese contexto mulleres de gran protagonismo na España das décadas



Concepción Arenal

dos 20 e 30 como **María de Maeztu, María Zambrano, Rosa Chacel, Victoria Kent, Clara Campoamor, Margarita Nelken, Maruja Mallo, etc.**



Durante a Segunda República (1931-1939), España viviu un período de significativas transformacións sociais e políticas. **A Constitución de 1931 recoñeceu o dereito ao voto** para as mulleres maiores de 23 anos sen ningún tipo de restrición, un paso importante cara á igualdade de xénero. Ademais os cambios no código civil e nas leis trouxeron o principio de igualdade entre cónxugues no matrimonio, o matrimonio civil e o divorcio. No ámbito laboral, a anulación da prohibición ás traballadoras de casarse ou despedilas si se casaban, así como o despido por maternidade. Un decreto de 1935 abolía a prostitución. Por outra banda, a República impulsou reformas educativas que permitiron ás mulleres acceder a unha educación máis ampla e variada, abríndolles as portas ás profesións máis alá das tradicionais, e reduciron o analfabetismo feminino. As escolas eran mixtas e coeducativas. O papel das mestras nese período democrático da historia recente foi moi importante dada o interese que o réxime daba á educación. Comezan a chegar mulleres no ámbito universitario.



A artista plástica galega Maruja Mallo

Co estoupido da Guerra Civil en xullo de 1936, o papel da muller amosaría trazos distintivos dependendo de se falamos do bando sublevado ou do bando republicano.

No **bando republicano**, destacan, por primeira vez na Historia, a participación dun gran número de mulleres nos combates, antes da súa retirada gradual da fronte cara 1937 (unhas 7.000 milicianas, sobre todo, libertarias, chegando algunhas delas á escala de oficiais ou suboficiais) e tamén en funcións de apoio na «fronte interna» (traballando na industria de guerra, ou ben como enfermeiras e persoal auxiliar), rompendo así cos roles tradicionais de xénero. A pesar do xurdimento de colectivos como a anarquista **Mujeres Libres** ou a **Asociación de Mujeres Antifascistas**, os dereitos das mulleres e os

obxectivos feministas non se atopaban entre as prioridades da España republicana en guerra.

Cabe destacar, por outra banda, o protagonismo político acadado por mulleres como a comunista **Dolores Ibárruri** («a Pasionaria», sendo o **PCE** a forza política máis destacable na implicación activa da muller) ou a anarquista **Federica Montseny**, primeira muller en chegar a ser ministra en España, aínda que incluso estas forzas de esquerda non vían con bos ollos a participación activa da muller nos temas políticos.

*Dolores Ibárruri, la Pasionaria,
líder comunista*

*Federica Montseny, líder anarquista
e primeira muller ministra en España*

Con respecto ao **bando sublevado**, o peso da **Igrexa católica** (no ámbito da moralidade, a educación e dos costumes) e da **Falanxe** (a través da **Sección Feminina** e do **Servizo Social**, creado en 1937) , asumiron o rol tradicional da muller, reducida ao ámbito doméstico, ao tempo que as necesidades bélicas fixeron necesaria a incorporación de moitas mulleres en ocupacións como enfermeiras ou persoal de apoio. Hai que ter e conta tamén o papel da chamada **Sección Femenina**, creada en 1934 por Pilar Primo de Rivera (irmá do líder falanxista) e que chegaría a ter 400.000 afiliadas durante a guerra, e que se encargaba de traballos de axuda social (seguindo o modelo da Alemaña nazi), con tarefas como os servizos médicos (enfermeiras), o coidado de nenos, das persoas desprazadas ou na distribución de axuda aos civís, ao tempo que se recalcaba o **mantemento do modelo da familia española tradicional dentro dun estado patriarcal**.

Co final da guerra no 1939 e o comezo da **ditadura franquista**, moitas mulleres foron encarceradas, represaliadas e incluso executadas pola súa implicación co bando republicano. A victoria dos sublevados supuxo un **importante retroceso nos dereitos das mulleres** conseguidos durante a II República devolvéndoas ao fogar para adicarse á **crianza e o coidado da familia**. Foi un retroceso drástico que afectou a todos os aspectos da vida das mulleres. Esta subordinación das mulleres estivo reflectida nas leis decretadas pola ditadura, como no **código civil**, no que estaban presentes numerosos artigos encamiñados a establecer un sistema **patriarcal**. Por exemplo, as mulleres

solteiras quedaban baixo a tutela do pai ata os 25 anos. As casadas pasaban a ter no seu marido ao seu representante legal. Deste xeito, a licenza marital foi necesaria para o desenvolvemento social e civil das mulleres: para asinar un contrato laboral, para exercer actividades comerciais, para dispor dunha cartiña de aforros, para comparecer nun xuízo, para dispoñer bens, para temas de herdanzas, para obter o pasaporte, para alugar unha vivenda....en todos eses asuntos a muller necesitaba da autorización do marido. De igual xeito, as mulleres, cando casaban, estaban obrigadas a seguir a residencia do esposo e, se este era cidadán estranxeiro, tiñan que renunciar á nacionalidade española.

O **ideal feminino do novo réxime** prefería unha muller estereotipada como «o anxo do fogar», fomentando a sumisión feminina, afastando ás mulleres da esfera pública e devolvelas ao ámbito do privada, segundo os cánones máis conservadores e tradicionais. A ditadura puxo en marcha a súa maquinaria propagandística para borrar toda conciencia feminista da sociedade, ao tempo que deixaba claro o novo papel reservado para as mulleres: repoboar un país diezmado pola guerra, obedecer aos seus maridos e non queixarse do seu rol subordinado ao varón.

A Igrexa católica e o Estado velaron por esta «invisibilización» pública da muller española, pasiva no político e na esfera pública, reducida a ocuparse dos labores domésticos e da educación dos fillos, segundo o modelo da familia cristiá tradicional.

A **Sección Feminina** fundada por Pilar Primo de Rivera promoveu este rol da muller a través da educación, co fin de formar ás futuras amas de casa, con materias escolares como Fogar, Cociña ou Corte e Confección, impartidas nas escolas e institutos, mentres que o chamado **Servizo Social**, incluía a formación teórica e a prestación obrigatoria de traballos sociais para todas as mulleres durante seis meses.



“Las mujeres nunca descubren nada; les falta, desde luego, el talento creador, reservado por Dios para inteligencias varoniles; nosotras no podemos hacer nada más que interpretar, mejor o peor, lo que los hombres nos dan hecho...por eso hay que apegar a la mujer con nuestra enseñanza a la labor diaria, al hijo, a la cocina, al ajuar, a la huerta, tenemos que hacer que la mujer encuentre allí toda su vida y el hombre todo su descanso”.(**Pilar Primo de Rivera, 1942**).


“La vida de toda mujer, a pesar de cuanto ella quiera simular –o disimular- no es más que un eterno deseo de encontrar a quien someterse”.(**Medina, Revista de la Sección Femenina, 13 de agosto de 1944**).

“Cuando estéis casadas, pondréis en la tarjeta vuestro nombre propio, vuestro primer apellido y después la partícula ‘de’, seguida del apellido de vuestro marido. Esta fórmula es agradable, puesto que no perdemos la personalidad, sino que somos Carmen García, que pertenece al Señor Marín, o sea, Carmen García de Marín”.(**Sección Femenina, Economía doméstica para Bachillerato**).

O **ensino** tamén sufriu cambios sustanciais para remarcar as diferenzas entre homes e mulleres. En 1945, promulgárase a lei de Ensino Primario, en vigor ata 1970. A coeducación foi prohibida xa en 1936 e a educación de nenos e nenas discurriu por diferentes derroteiros respondendo a distintos fins. A instrución das mulleres estaba dirixida a formar futuras esposas e nais exemplares, capacitadas para o fogar e que aportasen á patria numerosos fillos. O Ensino Secundario estaba confiada case en exclusiva ás ordes relixiosas femininas. O bacharelato non se consideraba axeitado para a mente feminina. O seu acceso ao ensino superior tamén se desincentivou e o sexismo era moi evidente no ensino universitario, prohibíndose nos anos 40 o acceso das mulleres ás carreiras de Xudicatura e Diplomacia. As mulleres cursaban sobre todo as carreiras de Farmacia, Filosofía e Letras, Ciencias da Educación, Filoloxía e Xeografía e Historia. Nas ramas científicas (Química, Dereito, Medicina ou Veterinaria), a presenza feminina era moi escasa, pero a partires dos anos 50 o número de mulleres que accedían á universidade ía incrementándose.

O mundo do **traballo extradoméstico** foi outra parcela considerada perigosa para as mulleres, polo «risco moral que entañaba a convivencia cos homes». O Fuero del Trabajo (1938) establecía xa que había que «expulsar ás mulleres casadas do obradoiro e da fábrica», e instaurar o modelo da familia co varón como principal sostén económico. As regulamentacións de traballo tamén introduciron cláusulas que especificaban que as mulleres debían abandonar o traballo unha vez casadas, ao obxecto de devolvelas á súa función «natural de esposas e nais». Sen embargo, estas e outras medidas tendentes a apartalas da actividade laboral quedaron se efecto ante a imperiosa necesidade de man de obra que experimentou o país na década desarrollista dos anos 60.

Para a familia franquista a **virxitude feminina** era esencial, xa que se se perdía non so se poñía en dúbida a honestidade da muller, senón tamén a da familia. Cando unha rapaza solteira comunicaba aos seus pais o seu embarazo, algúns protexían á «descarriada» agochándoa ou axudándoa ao aborto ou o infanticidio, chegando os pais en moitos casos a botar da casa á filla.



O **matrimonio** franquista so buscaba unha sexualidade orientada segundo o plan divino, co fin de traer fillos ao mundo, estimulándose e protexiéndose oficialmente a figura das familias numerosas, obxecto de premios de natalidade e subvencións.



Nos anos 60 prodúcese un incremento da natalidade coñecido como o «baby boom».

Unha das institucións creadas durante o franquismo para levar a cabo o control moral e sexual das mulleres máis novas foi o **Padroado de Protección á muller**, institución presidida por Carmen Polo, dependente do Ministerio de Xustiza, presente en todas as provincias e tamén en algunhas localidades de certo tamaño como Vigo. A ditadura crea o Padroado a través dun decreto do ano 1941 que establece como obxectivo preservar ás mulleres “caídas ou en risco de caer”. O decreto de creación recollía a actuación sobre mozas entre os 14 e os 21 anos, pero en 1952 produciuse un cambio na normativa que aumentou as potestades do Padroado: incrementando ata os 25 a idade en que podían acabar internas, e ata posibilitando que as familias perderan a patria potestade en favor das Xuntas Provinciais se amosaban oposición ao seu proceso reformativo.

Esta institución dispuña de centros de internamento rexentados por ordes relixiosas onde se encerraban a mulleres novas disidentes do estereotipo de muller nacionalcatólica, como foron nenas rebeldes, con problemas de saúde mental ou lesbianas. Tamén orfas ou rapazas que quedaban en estado tras sufrir una violación. Eran elas as castigadas e non os seus agresores.

As mozas podían ingresar nestes centros levadas alí por redadas da policía por «conduta inmoral», denuncias de familiares e particulares, a petición das autoridades civís e relixiosas colaboradoras ou a solicitude da propia interesada ou os seus pais.

Neses centros recibían escasa educación e eran obrigadas a traballar para grandes empresas sen cobrar e sometidas a vexacións e castigos físicos e psicolóxicos. Moitas fuxían e mesmo se suicidaban. Un dos capítulos máis escuros desta institución é o roubo de bebés pois moitas destas mozas eran enganadas para traficar coas súas criaturas debido á falta total de dereitos das que estas mulleres carecían.

O Patronato desenvolveu a súa actividade até o ano 1985, xa consolidada a democracia en España. Máis a súa historia sigue aínda hoxe na impunidade do silencio, que temos a obriga de romper para avanzar na construción dunha historia xusta e real do período franquista.



A chegada da **Transición democrática** coa morte de Franco volve ser un tempo onde a muller recupera aquela visibilidade que comezaba a ter na etapa republicana. A **Constitución de 1978** recoñeceu formalmente a **igualdade de xénero**. O recoñecemento dos dereitos políticos e dereitos civís que terminaban coa subordinación da muller aos homes liberan ás mulleres que inician unha busca de protagonismo social en todos os ámbitos.

Os anos 80 foron un período crucial para os dereitos das mulleres en España. Aparece o divorcio de novo e se despenaliza o aborto pero só en tres supostos: malformacións do

feto, perigo para vida da nai e embarazos produtos dunha violación. **A creación do Instituto de Mulleres en 1983** tamén foi unha ferramenta importante para promover a igualdade de xénero e desenvolver políticas específicas neste ámbito. A incorporación masiva das mulleres ao mercado laboral e a súa presenza en ámbitos educativos antes reservados aos homes foron cambios fundamentais. O movemento feminista comezou a gañar forza e a alzar a súa voz, reclamando **igualdade salarial, dereitos reprodutivos e o fin da violencia de xénero**.



No **século XXI**, as mulleres españolas seguen avanzando na súa loita pola igualdade aprobándose leis fundamentais como a **Lei Integral contra a Violencia de Xénero en 2004** ou a **Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes en 2007**. A incorporación de mulleres a cargos políticos de relevancia tamén é un indicador do progreso en termos de igualdade de xénero, pero a loita aínda non rematou. A nivel lexislativo, aínda se mantén a discriminación entre homes e mulleres na sucesión da coroa. A brecha salarial continúa en cifras entre un 13% no sector público e un 19% no privado. A violencia de xénero segue presente día a día no noso país e os estereotipos na representación nos medios de comunicación ou a televisión persisten en gran medida.

Resulta evidente que durante os 25 ou 30 últimos anos déronse pasos de xigante para conseguir equilibrar a situación dos dereitos femininos, pero tamén é evidente que quedan moitas cousas que solucionar. O movemento feminista continúa a ser unha forza poderosa. A sensibilización e a educación seguen a ser ferramentas clave para avanzar na consecución dunha igualdade de xénero real e duradeira.

23. ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO

Trala morte do ditador **Francisco Franco**, os primeiros gobernos da monarquía de **Xoán Carlos I** buscaron **compaxinar o apoio internacional ao proceso de transición democrática coa «reintegración» de España no panorama internacional**, rematando coa situación de excepcionalidade marcada pola política franquista ao longo de catro décadas, contando so como logros excepcionais o Acordo Económico Preferencial coa CEE de 1970, o apoio da ONU na cuestión de Xibraltar ou o restablecemento de relacións co bloque comunista da Europa do Leste.

Neste contexto de progresiva consolidación do novo réxime democrático, a política exterior dos gobernos da **UCD** (1977-1982) buscaron como liñas mestras negociar a futura integración española na **Comunidade Económica Europea** seguindo o mesmo camiño que outras nacións que viñan de réximes ditatoriais (Grecia e Portugal); asinar co **Vaticano** novos acordos reformando o Concordato de 1953 para adecualo á Constitución de 1978; reforzar os **acordos militares cos EE.UU** (que tiñan a súa orixe nos Pactos de Madrid de 1953); o ingreso na **OTAN** en 1982 (paso moi cuestionado pola oposición de esquerdas); cultivar as relacións con **Hispanoamérica** e, buscouse potenciar a «tradicional amizade co mundo árabe» (o Estado de **Israel** non sería oficialmente recoñecido polo noso país ata 1986).

Nos seguintes anos, cos gobernos consecutivos do **PSOE** (de 1982 a 1996), a política exterior española desenvolveuse en **diferentes ámbitos**:

- Mantemento do apoio ao pobo **palestino**, compaxinado co recoñecemento do Estado de **Israel** (1986);
- Abandono da política pro-polisario en favor dunha maior implicación das partes implicadas no conflito do antigo **Sáhara Español** (Marrocos e Alxeria);
- Un reforzamento dos vínculos políticos e económicos con **Hispanoamérica**.
- A apertura da verxa con **Xibraltar** (pechada por orde de Franco dende 1969), iniciando os gobernos español e británico unha serie de conversas e negociacións en diante para tentar resolver o tradicional conflito do Peñón.

Pero, sobre todo, na década dos 80, consolidaríase a integración de España no contexto internacional, sobre todo, a través da plena incorporación na

Comunidade Económica Europea e a permanencia de España na **OTAN**, feitos que se produciron no mesmo ano, **1986**.

As negociacións para entrar na **CEE** foron difíciles, dado que España ofertaba produtos agrícolas e pesqueiros que ofrecían outros países europeos como Francia ou Italia e que sentían os seus intereses ameazados. A súa integración foi o resultado dunha actitude favorable por ambas as dúas partes e tivo importantes consecuencias para España.



Aos poucos anos de ingresar España na Comunidade Económica Europea, avanzouse no proceso de integración política que se materializou na Unión Europea tras o **Tratado de Maastricht** (1992), ao unificar o tres piares da Unión: o pilar comunitario, o pilar de política exterior e de seguridade común, e o pilar de cooperación policial e xudicial en materia penal, ademais da integración económica e monetaria coa creación do **euro** (2002). O Tratado de Lisboa (2007) foi o último gran fito no proceso de integración europea.

Posteriormente, a crise económica e financeira mundial de 2008 e a Gran Recesión posterior provocaron a **crise do euro**, con especial atención para Portugal, Italia, Irlanda, Grecia e España, que foron quen máis sufriron a crise de débeda soberana, as medidas de axuste e de rescate financeiro, debilitando así a unión política.

Pola súa banda, a saída do Reino Unido da Unión Europea ou **Brexit**, acordada en referendo en 2016, pero efectiva en febreiro de 2020, tamén supuxo un obstáculo á continuación dos procesos de integración europea.

Politicamente, a **entrada na CEE permitiu afianzar a democracia e o Estado de dereito en España**, así como a súa visibilidade internacional. A nivel europeo o ingreso de España e Portugal fortalecía a idea dunha Europa unida e democrática.

Economicamente, **a entrada na CEE estimulará a modernización e a competitividade da economía española**, iniciando un proceso de flexibilización do mercado laboral, de adaptación aos avances da terceira fase da revolución industrial, de privatización das empresas dos sectores industriais básicos en mans do Estado, de promoción da economía de mercado. España ampliaba o mercado e as súas expectativas de venda a unha poboación moito maior, abandonando así o atraso que sufría dende había décadas. Para axilizar ese proceso de reformas, **España recibiu da UE numerosas axudas económicas para melloras estruturais** e grazas a iso pasou de ter en 1986 o 67 % da renta per capita europea ao 98,3% actual. Esta política de axudas tamén beneficiou aos socios europeos que incrementaron os seus investimentos e as súas vendas en España.

O proceso de integración tamén significou unha modernización da sociedade en **valores e en cultura**, un incremento do sentimento de identidade europea, a libre circulación de persoas, a supresión das fronteiras interiores (Espazo Schengen), o reforzo das políticas de protección e benestar social, e dos servizos públicos. Cabe destacar a educación superior, un dos sectores que maior integración tivo con Europa, grazas ao programa Erasmus e ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Finalmente temos que resaltar que España é o segundo estado máis extenso da UE e o quinto máis poboado, o que repercute no número de deputados no Parlamento Europeo e os seus votos no Consello da Unión Europea.

A nosa localización xeográfica favorece o seu **papel de mediación entre a UE e os ámbitos atlántico e mediterráneo**.

No mesmo ano **1986**, o goberno socialista de **Felipe González** organizou un referendo sobre a permanencia **de España na OTAN**, coas premisas de que España non se integraría na estrutura militar, reduciríase o número de bases norteamericanas no noso país (a través do convenio militar asinado cos EE.UU en 1988) e prohibiríase a presenza de armamento nuclear na península. O PSOE (que se opuxera á entrada do noso país no 1982), logrou o **SÍ** por escasa marxe. Posteriormente, en



1997 e durante o mandato do Popular **José María Aznar**, España incorporouse á estrutura militar da Alianza Atlántica, ademais de permitir aos EE.UU introducir armas nucleares no noso territorio, previa autorización do Goberno de España.

O comezo da década dos anos **1990** serviu como aval do novo protagonismo de España no contexto internacional. Trala participación do noso país na **I Guerra do Golfo (1991)**, confirmando o papel de España como aliado occidental responsable, decidiuse que **Madrid** fose ese mesmo ano sede da **Conferencia de Paz árabe-israelí**, un evento histórico auspiciado polos EE.UU e a Unión Soviética (entón dirixidas por George Bush e Mijail Gorbachov) e que sentou por primeira vez dende 1948 na mesma mesa ás partes directamente implicadas no conflito do Próximo Oriente. En dita conferencia sometéronse a consideración tanto a fórmula palestina de «paz por territorios» como o recoñecemento por parte árabe do Estado de Israel ou a futura retirada do exército israelí do sur do Líbano. A Conferencia de Paz de Madrid sería o punto de partida para as **negociacións de Oslo de 1992** e para a Declaración de Principios do ano seguinte (concesión da autonomía para Gaza e Cixordania).

Ese maior peso da política atlantista tivo o seu colofón na **participación de España na guerra de Irak** da man de USA e Gran Bretaña, inmortalizado na icónica fotografía do cumio das Azores (2003), onde participamos baixo a falsa premisa da existencia de armas de destrución masiva por parte de Sadam Husein o que xustificou unha intervención militar en Irak que durou ata 2020 e cuxos efectos devastadores perviven hoxe, pero sen a autorización do Consello de Seguridade da O NU, a diferenza da 1ª Guerra do Golfo.



Ese conflito acabou por desgastar a credibilidade do PP e, nas eleccións do 2004, a volta do PSOE da man de José Luís Rodríguez Zapatero, provocou unha volta ás anteriores prioridades encabezada pola Unión Europea. Este presidente, no 2007, promoveu a nivel internacional a **Alianza de Civilizacións** dentro do marco da ONU co fin de combater o terrorismo internacional e fraguar unha aproximación entre Occidente e o mundo islámico para buscar respostas diferentes ás militares fronte ás provocacións do radicalismo islámico.

Para finalizar no ano 2012 o **gobierno de Mariano Rajoy** creou a denominada **Marca España**, unha política destinada á promoción e mellora da imaxe de España no exterior para aumentar o nivel de exportacións, as inversións estranxeiras, a internacionalización das empresas e o turismo.

Igualmente, durante os gobernos socialistas dos anos 80 comezáronse a **modernizar as Forzas Armadas**. Como consecuencia da entrada de España nos organismos internacionais, as tropas españolas empezaron a participar en diversas misións de paz. En xaneiro de **1989**, as Forzas Armadas españolas participaron por primeira vez nunha operación internacional en **Angola**. Dende esa data e ata a actualidade, España ven participando en numerosas **misións no exterior**, tanto con efectivos do Exército como da Garda Civil, cos obxectivos de proporcionar estabilidade e seguridade, prestar axuda humanitaria, loitar contra o terrorismo ou colaborar na defensa do territorio aliado da OTAN. A maioría delas son misións enmarcadas no ámbito multilateral, baixo mandato das Nacións Unidas (cascos azuis), da **OTAN** ou da Unión **Europea**.

Baixo mandato da **ONU** destacan, entre outras, a presenza militar no **Líbano**, **Centroamérica** e **Colombia**, dende o 2016 para asegurar o proceso de paz. En colaboración coa **ONU** e a Unión Europea, son coñecidas as misións en **Bosnia-Herzegovina** (dende 1992, sendo a intervención no estranxeiro máis longa ata o momento); a misión europea de adestramento en **Somalia** (2010); a **Operación Atalanta** (2008), para asegurar o tráfico marítimo e combater a **piratería** no Mar Rojo; e diversas misións en **África** (Angola, Namibia, Mali, República Centroafricana, Senegal, Mozambique, Yibuti, Cabo Verde...), co fin de adestrar as forzas armadas deses Estados e loitar contra o **yihadismo**.

En **Europa** (ademais do caso xa mencionado da ex Iugoslavia), España leva colaborando coa **OTAN** en distintas misións de defensa e disuasión na zona leste (Báltico e Romanía), áreas especialmente delicadas nos últimos anos a raíz, sobre todo, da invasión rusa de Ucraína.

En total, ata o 2024, os militares españois participaron en **83 misións internacionais**, despregando a máis de **160.000** efectivos e sufrindo **170** baixas.

En relación ao contexto mundial, España incrementou, nas últimas décadas, as súas relacións internacionais, tanto no ámbito político como no económico. Pertence a diversas institucións e organizacións internacionais (ONU, FAO, Banco Mundial, OCDE...), concede axudas oficiais para o desenvolvemento dos países con dificultades, **favorece a cooperación, a seguridade e a paz** a través destes organismos internacionais, colabora con ONGs como Mans Unidas, Médicos Sen Fronteiras..., fomenta unha diplomacia económica para defender os nosos intereses e a imaxe de España no exterior, a través de multinacionais como Repsol ou Inditex e a través dun incremento do comercio exterior español e das relacións financeiras internacionais o que fala da integración da economía española no ámbito mundial, ocupando unha posición intermedia. Ademais practica unha **diplomacia cultural** para promover as relacións culturais internacionais e **difundir a riqueza e cultura do país**. O **Instituto Cervantes** é unha institución pública para promover de forma universal o ensino, o estudo e a difusión internacional do idioma español.

O español atópase entre o cinco primeiras linguas do mundo en número de falantes. Tamén é a lingua oficial ou cooficial en vinte países ademais de España que se atopan en América e en Guinea Ecuatorial. Os **Cumes Iberoamericanas** son as reunións dos Xefes de Estado e de Goberno de 19 países de América e tres da Península Ibérica que manteñen vínculos culturais e históricos e económicos. Os cumes iniciáronse en 1991 con carácter anual, pero en 2014 pasaron a ter unha frecuencia bianual e afrontaron temas como os desafíos globais desde a lingua e a cultura común, o crecemento rexional como integración comercial, a consolidación da democracia ou o desenvolvemento sustentable.

A **situación estratéxica de España**, nunha encrucillada de camiños, condicionou a orientación da súa política exterior: interlocutor válido nas relacións europeas co mundo Mediterráneo, en especial, co norte de África e mediador da política europea con América.



24. EVOLUCIÓN E CAMBIO SOCIAL NA ESPAÑA ACTUAL

A **inicios dos anos 90**, a caída da Unión Soviética significou o final da Guerra Fría e a desaparición da tensión internacional derivada da carreira armamentística. Nese contexto, o **neoliberalismo**, defendido por Reagan ou Thatcher nos anos 80, semellaba ser o **triunfador** desa pugna ideolóxica entre capitalismo versus comunismo e as súas ideas de menos Estado, menos regulación e máis mercado reforzaban politicamente un proceso imparabile de **globalización dos fluxos de capital, mercadorías, información e mesmo persoas, respaldado polo protagonismo indiscutible das multinacionais**.

Ese novo tempo de finais do século XX, grazas ao avance nas tecnoloxías da información e comunicación e ao abaratamento dos medios de transporte, implicou **unha descentralización produtiva** das grandes empresas e un proceso de **deslocalización industrial** que afectou a España. O noso país experimentou a competencia da man de obra máis barata dos países do surl este asiático primeiro e despois, dentro da propia Europa, dos países do leste. Moitas empresas españolas seguiron deseñando os seus produtos aquí, pero a produción trasladáronna a outras latitudes onde os custes laborais ou medioambientais son menores ou menos esixentes. Un exemplo constitúeno as empresas de confección.

Como consecuencia o mercado laboral experimentou un **proceso de flexibilización cun aumento da temporalidade** e unha enorme variedade de situacións contractuais. A industria sométese a unha profunda metamorfose debido á **dixitalización dos procesos produtivos, ao desenvolvemento da intelixencia artificial, a robotización ou a explotación do big data**. Os ocupados deben ter un nivel educativo máis elevado e nas empresas impónse a formación continua. As tarefas máis mecánicas ou repetitivas son destinadas aos robots que elevan a produtividade das empresas.

Esa redución de man de obra empregada no sector secundario e a desindustrialización desencadeou a crise ou o **declive de certos espazos de tradición industrial**, como a ría de Bilbao, Asturias, Sagunto, baía de Cádiz, Ferrol ou o Baixo Llobregat en Cataluña, especializados en sectores maduros (tèxtil, siderurxia, construción naval...) onde os procesos de reconversión industrial non sempre foron exitosos.



A crise económica de 2008, de tipo financeiro, pero que no caso español puxo fin ao boom inmobiliario, afectou a moitas PEMES. Estas víronse na obriga de reestruturarse para defenderse mellor da crise e dos cambios tecnolóxicos e ser competitivas no mercado. A maiores, **a crise do mercado interior abocou ás empresas a intensificar a súa internacionalización.**

A nivel cultural, a globalización propiciou unha expansión das pautas culturais occidentais por todo o mundo. **España polo seu atractivo turístico está ben situada no escaparate mundial** aumentando cada ano as súas cifras de visitantes auspiciado polo febre global de viaxar. A oferta turística española atrae non só a un cliente tradicional europeo, senón tamén a poboación do leste e asiáticos. O patrimonio cultural, a gastronomía, o clima, as compras, incluso o atractivo futbolístico son a nosa oferta nun contexto global.

Dende mediados dos 90, España convértese nun **país de oportunidades para moitos inmigrantes** o que nos aboca ao reto de integrar esa

multiculturalidade visibles nos barrios das metrópolis como os do Raval, en Barcelona. A mestizaxe esperta tamén debates sobre a preservación da identidade cultural e os valores tradicionais.

A globalización tamén nos asoma aos desafíos comúns derivados do cambio




climático. España, como país socio da UE, está moi preocupada por **limitar o consumo de combustibles fósiles e aumentar a produción de enerxías alternativas como a solar ou a eólica**, fomentar a eficiencia enerxética e obrigar ás empresas a desenvolver unha **economía circular**, limitando os refugallos e depurando e reusando as

augas residuais. Para coordinar estes esforzos en preservar os recursos e a biodiversidade creouse o **Ministerio de Transición Ecolóxica en 2018**.

O Estado de Benestar é unha política que comparten os diferentes partidos políticos dende os tempos da Transición Democrática. A idea de ter un Estado asistencial, que procure uns mínimos de calidade de vida para toda a cidadanía e a creación dun sistema fiscal progresivo que estableza maior carga tributaria en función da renda e que permita unha sustentabilidade dos servizos públicos, **garante uns índices maiores de xustiza social**. A crise de 2008 e a chegada de gobernos conservadores recortaron esa financiación e mesmo impulsaron medidas para derivar parte destas prestacións ao sector privado. **Unha das ameazas sobre este modelo é o custe crecente das pensións e o seu sistema de financiación**. España destinou en 2016 a metade do seu gasto en protección social a pagar pensións de xubilación e viuvez, en concreto o 50,4 % do total. O proceso de avellentamento experimentado pola caída da natalidade dende os anos setenta e o aumento da esperanza de vida está a provocar **unha inversión da pirámide de poboación** coa conseguinte ameaza sobre a viabilidade do sistema de pensións actual construído sobre a solidariedade interxeracional no que os actuais activos (nunha cantidade reducida cada ano) financian aos xubilados (os baby boomers, máis numerosos).

Por outra banda, está o **fenómeno migratorio** que, se ben, vén a ocupar o oco deixado no mercado laboral polas xeracións que agora están a xubilarse e animou unha deprimida natalidade, tamén supón un novo reto para a sociedade española toda vez que debe **afrontar o discurso xenófobo** en determinadas áreas do país onde a presenza da inmigración é moi notable en sectores como o da agricultura intensiva de invernadoiros (El Ejido) ou nas áreas metropolitanas máis importantes. A migración irregular obrigou a varias regularizacións e ao establecemento de acordos con países do norte de África, que fan o papel de dique de contención a cambio de cuantiosas inxeccións económicas por parte da UE. **España é esa fronteira sur da UE e iso crea tensións asistenciais nas costas andaluzas ou canarias.**



Precisamente as numerosas mortes de inmigrantes irregulares na perigosa travesía para chegar as nosas costas ou a necesidade de paliar as enormes desigualdades que hai nos países de orixe de moitos destes migrantes subsaharianos espertou unha **corrente de solidariedade de persoas voluntarias que despregan programas de cooperación internacional** no ámbito educativo e formativo, na atención sanitaria e na creación de infraestruturas básicas. Existe tamén un **voluntariado social** que atende ás persoas que teñen máis carencias

materiais e colectivos marxinais dentro do país, complementando un espazo de atención que tradicionalmente estaba ocupado por organizacións católicas como Cáritas. O incremento da conciencia ecoloxista entre a cidadanía anima a existencia dun **voluntariado ambiental**.

Estas son organizacións cívicas (ONGs) que seguen os principios rectores da Carta de Dereitos Humanos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS). España incorpórase nos anos oitenta á cooperación internacional, máis tarde que os países da súa contorna. En 1991 finaliza o proceso de incorporación de España ao sistema internacional de axuda e cooperación ao desenvolvemento, ao adherirse ao Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD) da OCDE. **Será nesta década dos 90 na que as ONG comezan a participar de forma masiva no ámbito da cooperación** que ata este momento estaba en mans dos gobernos. A aportación do voluntariado na consolidación dos valores democráticos e no desenvolvemento dunha convivencia cívica é un dos máis valiosos dos últimos 30 anos en España.

Xa no século XXI e a raíz da crise financeira do 2008 que poñía fin a un ciclo expansivo de 12 anos da economía española, xurden **movementos cívicos moi críticos coa clase política dominante** (PP e PSOE) e o seu



discurso pouco conectado coas necesidades reais da poboación. Unhas cifras elevadas de paro na mocidade que, ademais, padece uns salarios insuficientes para poder conseguir a independencia económica, e os prezos desorbitados da vivenda; unha mala xestión bancaria que se transfere ao Estado ao ter que salvar ás entidades financeiras; unha oposición cidadá á reforma laboral aprobada polo PSOE; o efecto da Primavera Árabe e a publicación do manifesto “Indignaos!!” de Stéphane Hessel que chama a unha insurrección pacífica contra o sistema, anima a moitas persoas a unha **concentración na Porta do Sol de Madrid que acaba en acampada dende o 15 de maio de 2011** ata xuño dese mesmo ano, creando

un efecto de imitación nas prazas de numerosas cidades españolas en convocatorias impulsadas a través das redes sociais.



Nestas asembleas foron redactándose unha serie de **reivindicacións**: **cambios na lei electoral**, **cumprimento dos dereitos básicos da Constitución**, unha **condena da corrupción política**, a **recuperación da memoria histórica** e a **creación dunha banca pública**. Desa mobilización xurdiron as “**mareas**”, en defensa dos sectores públicos fronte a unha tendencia crecente á privatización dos servizos públicos, un exemplo foi a plataforma **Marea Verde** en educación, a plataforma “**Stop Deshaucios**”, pero sobre todo, a creación dun **novo partido político**, **Podemos**, que canalizou a protesta cidadá da rúa ás institucións onde tivo representación.



Dentro desta mobilización cidadá hai que resaltar a celebracións do 8 de marzo do ano 2018, baixo consigna “Se nós paramos, o mundo párase”, que supuxo un punto de inflexión para as reivindicacións feministas. Por primeira vez na historia de España, conmemorouse o Día Internacional da Muller cunha folga xeral que afectou a estudantes, traballadoras, de consumo e de coidados. Esta data marcou un punto de inflexión moi importante que trouxo numerosos aires de transformación; foi unha ocupación do espazo público sen precedentes con moitísima presenza nova e deu lugar a unha toma de conciencia feminista que está a transformar a sociedade española e converte ao país en pioneira a nivel mundial en políticas igualitarias.



Esta vaga de indignación contra un sistema político que se ve dominado polos intereses das grandes empresas e da banca, auténticos beneficiados da desregularización dos mercados e da privatización de servizos públicos, pero que durante a crise foron salvados polo Estado nun proceso de transferencia de débeda privada a débeda pública, entronca cun cuestionamento dos beneficios da globalización e o neoliberalismo. Os movementos antiglobalización, dende finais dos noventa, foron collendo protagonismo ao poñer en cuestión a vitoria sen contestación do capitalismo global e a lexitimidade das institucións mundiais que o impulsaban.